

Unha tradución ó galego da *Proverbiorum et sententiarum persicarum centuria* de Levin Warner (1644)

A translation to Galician of Levin Warner's "*Proverbiorum ac Sententiarum Persicarum Centuria*" (1644)

Francisco Millán Rodríguez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela

Resumo: En 1644 publicouse en Leiden a *Proverbiorum et sententiarum Persicarum Centuria*. Preséntase aquí a que posiblemente sexa a primeira tradución a unha lingua moderna deste traballo, ó galego neste caso. Abrindo as fronteiras da fraseoloxía actual búscase, con ela, amplia-lo espectro investigador tanto cara ó Oriente como cara ó pasado; facilítase así achegamento a un traballo pioneiro no seu tempo en moitos aspectos, entre eles por conte-las primeiras traducións directas do persa ó latín. As súas moitas referencias bíblicas e ós clásicos grecolatinos permiten, por outra parte, entendelo como un punto de encontro entre diversas culturas.

Palabras clave: século XVII, paremioloxía, persa, latín, cristiandade, islam.

Abstract: In 1644 the 'Proverbiorum et sententiarum Persicarum Centuria' was published. Hereby is presented this work's translation into Galician, which is possibly the first into a modern language. Opening boundaries of modern phraseology we look forward to widening the research 'spectrum' both towards the East and the past; an approach is thus enabled to an -at the time- pioneering work, containing, among other aspects, the first direct translations from Persian into Latin. In addition, its frequent quoting from the Bible and Greek and Roman classics allows us to understand it as a crossroad between diverse cultures.


Keywords: XVIIth century, paroemiology, Persian, Latin, Christianity, Islam.

Data de recepción 27.10.2014. Data de aceptación 23.11.2014.

1.1. A obra

Preséntase a tradución á lingua galega dos *Cen refráns e sentencias persas*¹ de Levin Warner, que posiblemente sexa a primeira a unha lingua moderna. Esta obra, publicada en Leiden no ano 1644, constitúe un traballo de profunda erudición e de grande interese, excepcional para o seu tempo tanto como para o noso, xa que non abundan os traballos capaces de salva-las distancias entre Oriente e Occidente.

Foi Frei Martín Sarmiento (1695-1772), grande erudito pontevedrés, quen deu noticia da obra que aquí se presenta. Así o fai cando cita² o prólogo -que aquí se inclúe- da autoría de Salmasio (1.5.) e engade pouco despois, de feito, "tengo los dichos proverbios pérsicos...". Unha vez máis, coma tantas outras, subidos ós ombreiros dos xigantes do pasado, podemos dar ese salto do máis próximo ó máis lonxano e do particular ó universal.



A colección está contida nun total de 44 páxinas na edición orixinal, e o seu uso de grafías persas, hebreas, gregas e latinas nun mesmo corpo de texto, vén demostra-los avances técnicos do período, tratándose neste caso, de feito, dun dos primeiros libros impresos con tipos en alfabeto persa (Shurgaia 2012: 317). No presente traballo, de feito, pódese observar a feitura dos tipos orixinais, xa que, nos casos do persa, árabe e hebreo, preferiuse conservalos en formato de imaxe antes que transcribi-lo seu texto.

Trátase dunha obra que pretende achega-lo lector á cultura persa, de maneira que, moitas veces, os refráns ou ditos son enriquecidos con fragmentos doutras obras, reflexións de tipo lingüístico, sentenzas similares... etc, habitualmente introducindo relatos da obra persa *Golestan* (Shurgaia 2012: 318) pero tamén relatos árabes ou referencias clásicas. É deste xeito como, sobre o contraste coas culturas que a rodean, tanto coa do propio autor que nós compartimos como coas que a precederon, como Warner leva o lector ó encontro doutras realidades humanas: dótase de significación así a este crisol humano, precisamente no encontro peculiar ó que nos fai asistente.

¹ A edición usada procede da Bibliothèque Nationale de France, no département Littérature et art, coa signatura Z-3662. [<http://gallica.bnf.fr/ark:/12148/bpt6k6245103x.r>] [27.10.2014].

² O fragmento, que foi recollido recentemente por Ferro Ruibal e Varela Martínez (2012: 101), nun artigo no que trataron de concreta-las súas moitas aportacións á fraseoloxía, é o seguinte: "(§ 4894) La mayor parte de los proverbios son sentencias morales, otros son físicos y médicos, otros aluden al tiempo (160v) y estaciones, otros aluden a naciones, lugares y personas, otros son jocosos y otros irónicos y satíricos. Los proverbios de Salomón todos son instructivos. No hay nación que no los tenga más o menos agudos. Y los más agudos, por voto del célebre francés Claudio Salmasio, son los proverbios o refranes españoles. Levino Warnero tradujo en latín cien proverbios persianos, y en la carta que Salmasio le dice: *Inter europaeos, hispani in his excellunt. Itali vix cedunt. Galli proximo sequuntur intervallo.*" [Entre os europeos sobresaen nisto os hispanos, os italianos van pouco atrás, os franceses séguenos a moi pouca distancia] "supone que la agudeza de los proverbios prueba la agudeza de los nacionales, y es de mucho peso que siendo francés, y con voto, dé la primacía a los españoles." (SARMIENTO// MONTEAGUDO (2008): IV, 109-110)

O traballo de Tea Shurgaia, no seu conxunto, vén ser boa introdución do presente, na medida en que presenta a obra, traza as súas fontes na literatura persa, e comenta o -moi pobre- coñecemento dela no mundo iranio. Aquí, en cambio, adóptase unha perspectiva oposta, antes que o interese da obra en si en canto ás súas fontes, buscarase, por unha banda, un entendemento da obra en si respecto ós seus focos de interese (1.3), para o cal se partirá dun entendemento da vida do autor (1.2) e, por outra (1.4), seguindo a Piirainen (2011; 2012), valorarase a súa posible influencia no noso entorno, permitíndonos traza-lo diverso e o común entre diferentes contextos paremiolóxicos.

1.2. O autor

Non pode menos que causar admiración o coñecemento e altura intelectual desa procesión de nomes ilustres que desfila polas páxinas deste pequeno tratado. No século XVII en Leiden concentrábase un conxunto de personalidades de grande altura intelectual, de curiosidade extensa e amplo dominio de idiomas. Con seguridade podemos afirmar que entre os coñecidos de Warner brillaban nomes como Antonio Thysio, ó que vai dedicada a obra, teólogo da época, ou Claudio Salmasio, sucesor na cátedra a Scalígero e prologador deste refraneiro. Todos eles sorprenden pola súa erudición e poliglosia, que en moitos casos adquiriran de forma autodidacta e que adoitaba incluír, polo menos, tódalas linguas sagradas e o árabe.

Un máis deles é Levin Warner³ (Lippe 1619⁴ - Istambul 1665). Foi alumno do Athenaeum Illustre de Bremen e posteriormente a súa vida desenvolveríase xa en dous escenarios principalmente: a Universidade de Leiden, onde se matricula á idade de 19 anos, no ano 1638, e na que permanece ata os 26 anos, e Istambul, a capital imperial do Imperio Otomano, na que habita ata a súa morte no ano 1665. O eixo principal dos corenta e sete anos da súa vida está marcado así pola súa marcha a Istambul, cando corría o 1645.

Podemos, polo tanto, colocar separadamente os seus 26 anos de mocidade nos Países Baixos, nos que foi quen de publicar un total de catro obras, que tratan cuestións de tipo máis ben erudito, e os seus vinte anos en Istambul, dedicado principalmente a actividades de tipo diplomático e comercial. Neste segundo período foi quen, asimesmo, de acumulalo chamado *Legatum Warnerianum*, unha importantísima colección bibliográfica de, principalmente, manuscritos, que á súa morte doou á Universidade de Leiden.

O autor desta colección, por estes azares da súa vida, non foi tan prolífico coa pluma coma os seus mestres ou coma algúns dos seus compañeiros da Universidade de Leiden, xa que a produción del limitábase ós seus anos mozos. En 1644, con 25 anos, publicara xa, como dicíamos, as seguintes catro obras, contando con esta: *Dissertatio, qua de Vitae Termino, utrum fixus sit, an mobilis, disquiritur ex Arabum & Persicarum scriptis*⁵ (Amsterdam,

³ A fonte principal usada aquí foron as páxinas que a Warner lle adican Vrolijk e Van Leeuwen (2013: 48-51 e 57-58) xunto coas anotacións feitas por Shurgaia (2012) e De Rieu (Warner 1883).

⁴ Esta data indicaa de Rieu na súa introdución ás cartas de Warner. É o único que a facilita cun dato concreto: *nam die 19 mensis Mai anni 1638 Levini Warneri Lippiaci nomen relatum esse in Album nostrum Academicum legimus, vigesimum tunc annum agentis*. “posto que lemos que o día 19 do mes de maio do ano 1638 o nome de Levin Warner de Lippe foi incluído no noso álbum académico, cando ía para os 20 anos” (Warner 1883: VII).

⁵ “Disertación, na que se discute, a partir de textos árabes e persas, se a vida ten un final fixo ou móbil”.

1642); *Compendium Historicum eorum quae Muhammedani de Christo et praecipuis aliquot religionis Christianae capitibus tradiderunt*⁶ (Leiden, 1643); *Proverbiorum et Sententiarum Persicarum Centuria* (Leiden, 1644); e *Epistola Valedictoria in qua inter alia de Stylo Historiae Timuri*⁷ (Leiden, 1644).

Característica principal das súas obras é o coñecemento e interese que amosa polas linguas e realidades orientais, manexando con soltura o persa, o turco e o árabe. Sorprende que a adquisición deste coñecemento fose posibilitado unicamente polo entorno de Leiden, se admitimos ademais, como indica Shurgaia (2012: 324), que debía facer uso da lingua persa na oralidade. Tal adquisición de habilidades lingüísticas, sen entrar na súa ampla capacitación en ámbitos como a teoloxía e a historia, pódese comprender tan só remitíndonos ó desenvolvemento da Universidade de Leiden na Idade Moderna, que entre outras cousas incluía a atracción de nativos en linguas orientais (Vrolijk e Van Leeuwen 2013: 43).

Este refraneiro, en boa medida, foi a súa despedida da dedicación exclusiva ó mundo da universidade, para dedicarse a actividades que, ou despertaban máis a súa curiosidade, ou lle ofrecían a posibilidade de estar máis preto do seu foco de interese: o mundo oriental. Como anuncia na súa *Epistola Valedictoria*⁸, sentíndose inspirado impulsado por ese “favonio” do afecto dos seus amigos (1644: 4), Warner marcha para Constantinopla ó ano seguinte, en 1645. O cambio non debeu de ser menor.

As súas cartas son magnífica testemuña das dificultades do seu período en Constantinopla, que abrangue o que lle restou de vida, do ano 1645 ó 1665. A primeira e última carta correspóndense precisamente con estas datas, e, nelas, vémo-los sucesos históricos que atormentaron aquel confuso período da historia do Imperio Otomano. A colección, publicada por de Rieu, ábrese coa descripción patética da súa situación de abandono en Constantinopla, da que me permito tan só esta pequena mostra:

*Centenos quos accepi imperiales suo jure quasi sibi vendicavit medicus, ut expelleret gravem dysenteriae morbum, et ophthalmicis mederetur doloribus. Nulli nunc nummi, quos in magistros impendam, quibus libros comparem, plane ut non videam quomodo Tuae, Magne patrone, aliorumque expectationi sim satisfactorius, nisi brevi huic meae succurratur inopiae.(...)Libros quippe quibus mutuo concessis utebar, alio transportavit possessor, amici, qui nummos commodabant, discedunt et sua repetunt.*¹⁰ (Warner 1883: 1)

⁶ “Compendio histórico do que os mahometanos recollen por tradición sobre Cristo e sobre outros elementos principais da relixión cristiá”.

⁷ “Carta de despedida na que entre outras cousas [se trata a cuestión] do estilo da *Historia de Timur*”. Nótase que Timur ou Temur é o nome orixinal de Tamerlán. Este último nome é corrupción de Timur-i-Lenk, que significa “Timur o coxo” (Nicolle 2004⁹: 3).

⁸ “Carta de despedida”.

⁹ Tal é o nome do “vento que favorece”, sentido que xa se percibe na raigame da palabra.

¹⁰ “Os cen imperiais que recibín levoumos o médico coma se fose un dereito, por me saca-la enfermidade da disentería e trata-la dor dos ollos. Agora xa non hai cartos, nin para paga-los mestres nin para mercar libros. De xeito que non vexo como poderei satisfacer-las expectativas túas e as dos demais, se non socorredes a miña ruína.” (...) “Os libros, que me emprestaran, levounos a outra parte o seu dono; os amigos, que me prestaban cartos, marchan e volven ás súas cousas.”

Tras esta terrible estampa vémosto, despois, na terceira, dando noticia da morte do sultán Ibrahim I, do despedazamento do visir¹¹ e da substitución del polo seu irmán, que sería o sultán Mehmed IV. O ton xeral do epistolario continúa nestes termos, relatando os acontecementos históricos do período e introducindo, aquí e acolá, valoracións persoais de variado tipo. Impresionado, por exemplo, pola corrupción xeneralizada na cidade imperial, comenta: "*videmus nunc Constantinopolin tanquam locum, in quo nihil aliud est nisi cadavera quae lacerantur, aut corvi qui lacerant*"¹² (p.11). Estes acontecementos detállaos Warner para a información do seu patrón David de Wilhelm.

Co tempo Warner desenvolvería contactos na cidade, e, doce anos despois, en 1657, é nomeado Residente dos Países Baixos no Imperio Otomano, cargo inferior ó de embaixador, pero con asignación de salario e porcentaxe nos beneficios das mercadorías. Nesta etapa, ata a súa morte en 1665 só oito anos despois, desenvolvería a súa inmensa actividade como coleccionista, que levou a que o *Legatum Warnerianum*¹³ sexa hoxe un referente fundamental da bibliografía manuscrita procedente de Medio Oriente.

É así que os últimos anos da súa vida transcorren en Istambul, vivindo "ó estilo oriental", convivindo sen casar cunha dama ortodoxa da boa sociedade constantinopolitana e rodeado dos turcos otomanos coma un máis. Un dos seus grandes obxectivos foi o misionerismo protestante entre os ortodoxos do imperio otomano –estando prohibida a apostasía dende o Islam- e, inmediatamente relacionado con isto, a tradución da Biblia ó turco como medio necesario.

A publicación desta última obra foi interrompida pola súa morte, o día 22 de xuño de 1665, que, polo que parece, foi causada por envelenamento. Afirmao así Bovobio -un polaco que fora capturado e convertido ó Islam e ó que lle encargara a tradución ó turco das Sagradas Escrituras-, cando escribe, en Londres, ó coleccionista Isaac Basire con estas palabras: "after I had finished this [the OT and NT] in two years, together with the Apocrypha, he was killed two months later by unknown criminals using poison" (Neudecker 2009: 183).

Tratando de valora-lo conxunto heteroxéneo das experiencias vitais de Warner, atopámonos coa reafirmación reiterada do seu compromiso cristián, compaxinado perfectamente co seu orientalismo no seu espírito misioneiro. Cando fala das súas actividades en Constantinopla, dinos: "*dum varia Karaitarum scripta evolvi, dum Graecorum Armenorumque ritus et*

¹¹ *cujus sanguinem multi pro ultione hauserunt, eo satiari cupientes, quod ipse innocentissimi sanguinis ante insatiabilis fuisset* / "moitos derramaron o sangue del por vinganza, queréndose fartar, porque el mesmo antes fora insaciable co sangue máis inocente" (Warner 1883: 4)

¹² "Vemos agora Constantinopla como un lugar no que só hai cadáveres esnaquizados ou corvos que os esnaquizan".

¹³ Pódese destacar aquí, a nivel hispano, unha publicación recente de Alonso Fontenla (2009), que nos descobre, entre o *Legatum Warnerianum*, un relevante códice de procedencia toledana. Asimesmo ten interese a seguinte noticia, tomada de Weststeijn (2004): "Together with Jan Just Witkam, Kruk also translated another Andalusí masterpiece that had been in the Netherlands since the seventeenth century: Ibn Hazm's (d. 456/1064) treatise on love *Tawḳ al hamāma* (The Dove's Collar). The only surviving manuscript of this famous work was originally bought in the seventeenth century by the Dutch ambassador in Istanbul, Levin Warner, who bequeathed it to the Leiden University Library" (p. 206).

ceremonias Ecclesiasticas pervidi"¹⁴(Warner 1883: 1). Este debía se-lo seu día a día, avanzando na busca dun entedemento filolóxico, artellado sobre estes dous polos de interese relacionados, por unha banda o entedemento dos pobos e, por outra, a transmisión da palabra de Deus contida no Antigo e Novo Testamento. É deste xeito como se pode observar unha unicidade no percurso da súa vida.

A atención que lle prestou á paremioloxía e a súa implicación relixiosa son, xa que logo, concrecións desta busca persoal. Como mostra do primeiro débense engadir, ó presente traballo, dúas coleccións máis de paremias, unha de gregas¹⁵, e outra de árabes e turcas¹⁶. No relixioso interesouse, en especial, polo xudaísmo karaíta. Esta secta foi entendida neste período como un referente para o protestantismo, debido a que excluía a tradición talmúdica centrándose na Torah. A adquisición de trinta manuscritos clave do karaísmo por parte de Warner durante o seu período como diplomático supuxo un paso decisivo nesta materia (Berti 2005:118), xa que permitiu o desenvolvemento de subseguintes xeracións de estudos sobre o xudaísmo ata entrado o século XIX.

Mesmo neste pequeno refraneiro, que a primeira vista non parece directamente relacionado coa relixiosidade, senón con cuestións de natureza máis profana, vemos como unha e outra vez aparecen referencias a esta realidade. No refrán terceiro, sen ir máis lonxe, aproveita unha referencia á chamada ó rezo para introduci-la fórmula habitualmente usada. Máis claramente, no refrán 61, dedícalle un espazo importante, case dúas páxinas completas no orixinal (Warner 1644: 29-30), a unhas historias apócrifas de Xesús, que introduce cun sinxelo "huius generis sunt illa, quae a Iesu dicta esse tradunt"¹⁷ (1644:28).

Entende Shurgaia que a súa carreira diplomática impediu o seu desenvolvemento como académico, chegando a afirmar "it is a pity that a man of such wide scholarly interests should have wasted his time on his diplomatic career; he died rather young and therefore could not achieve more" (2012: 313). Asimismo resume os seus esforzos cando indica "he did not succeed in developing into a true diplomat and did not become a distinguished missionary, though he tried his best in both of these fields" (ibidem).

Respecto á figura deste estudoso, creo necesario entender que probablemente non buscarse "alcanzar" nada no mundo académico, senón que buscaría máis ben facer aportacións reais para o avance xeral do coñecemento humano. Pódese entender, así, a súa renuncia a un futuro brillante no ámbito académico para baixar, por así dicilo, ó mundo real, onde buscou

¹⁴ "namentres lin varios escritos karaitas, e observei con atención as cerimonias eclesiásticas dos gregos e os armenios".

¹⁵ Existe unha edición deste traballo co título *Συλλογή ελληνικῶν παροιμιῶν ὑπὸ Levinus Warner* [Colección de proverbios gregos por Levin Warner], da autoría de D. C. Hesselring, elaborada en Leiden en 1899 e publicada en Atenas no ano 1900 por parte N.G. Politis como parte dunha obra máis ampla: ΠΟΛΙΤΗΣ, Ν. Γ. (1900). *Μελέται περί τοῦ βίου καὶ τῆς γλώσσης τοῦ ἑλληνικοῦ λαοῦ. Παροιμίαι. Τόμος Β'. Αθήνα: Τύποις Π. Δ. Σακελλαρίου.* [Politis, N.G. (1900). *Estudios sobre a vida e a lingua do pobo grego. Tomo II. Atenas: Tipografía de P.D. Sakellarios.*]

¹⁶ Este traballo, inédito polo que sei, consérvase na biblioteca de Leiden. É accesible en [<http://primarysources.brillonline.com/browse/memo-2-the-ottoman-legacy-of-levinus-warner/collection-of-arabic-and-turkish-proverbs-and-sayings;lw140>] [02.12.14].

¹⁷ "Deste mesmo tipo son as cousas que segundo a súa tradición dixo Xesús"

ser ponte entre o orientalismo e o Oriente mesmo, como colector de libros e manuscritos, e entre Deus e as xentes, como traductor bíblico.

Foi, por tanto, menos ilustre por obra propia que outros, aínda sendo no intelectual igualmente brillante, pero superounos quizais por legado. O chamado *Legatum Warnerianum*, que recolle en especial ó redor de 1000 manuscritos do Medio Oriente, continúa coidadosamente resgardado na Universidade de Leiden¹⁸, onde segue a ser fonte de estudos e coñecemento nas máis variadas áreas. O seu afán de investigador segue hoxe vivo en todo estudoso que se achega ó seu gran *Legatum*. Se os seus esforzos propios, nalgúns casos, non chegaron a bo porto, débese culpa-la morte, que o arrebatou do mundo á temperá idade de 46 anos.

1.3. Obxecto da obra

Os proverbios están dispostos sen orde recoñecible ningunha. Isto, ás veces, dificulta a correcta interpretación do seu sentido, sobre todo cando, como é o meu caso, só se conta co entendemento da tradución latina. Creo posible afirmar, non obstante, que en ningún caso o resultado é incompreensible, e, na medida do posible, tratouse de adoptar unha linguaxe o máis clara posible neste romance noso galego.

Dá a impresión logo de que as fortes peculiaridades deste refraneiro remiten inmediatamente ós intereses do autor. Os comentarios, cando non teñen un sentido de aclaración lingüística, remiten case sempre a textos relixiosos ou fábulas morais, buscando observa-lo transfondo moral e espiritual do pobo persa. A elección parece orientarse sempre cara a este tipo de refráns, chamando a atención a total ausencia de refráns de tipo meteorolóxico ou agronómico, por exemplo, e resultando excepcionais aqueles de carácter cotián, como os que tratan situacións sociais (94) ou de parella (67).

A maioría recollen, máis ben, sentenzas de carácter xeral, das que se poden extraer ensinanzas de tipo moral ou reflexións de carácter social. Este desaxuste coas proporcións, en canto a tema, que habitualmente ten un refraneiro, fai que nos preguntemos pola orixe destas sentenzas. Shurgaia (2012) explorou acertadamente este ámbito, observando que 59 delas teñen a súa orixe no *Golestan*, obra clásica de Sa'adi, o máis coñecido dos poetas persas da Idade Media. Asimismo do *Golestan* procederían, segundo afirma (2012: 318), dez dos ditos e sete das historias que se inclúen nos comentarios.

Chama a atención, por exemplo, que cinco dos refráns traten directamente sobre a morte ou a fin do mundo, amonestando sobre a superioridade dos bens espirituais por riba dos materiais (6, 17, 32, 34, 52, 53, 71). Destes sete, todos, agás o 71, proceden do *Golestan* (Shurgaia 2012: 318), e sobre este último Shurgaia indica que non é familiar ás coleccións paremiolóxicas persas (321). Outros catro, neste sentido, tratan da fe e a confianza en Deus (47, 75, 99, 100), ningún dos cales procede do *Golestan*; tampouco Shurgaia atopa referencia para eles.

¹⁸ Hoxe podemos ler, na introdución ás coleccións orientais desta universidade, o seguinte: "The Oriental collections of Leiden University Library are generally known as *Legatum Warnerianum*, "Warner's Bequest", a reference to Levinus Warner (1619-1665), minister of the Dutch Republic to the Sublime Porte, whose legacy of 1,000 Middle Eastern manuscripts constitutes the core of the present-day collections." [<http://www.library.leiden.edu/special-collections/oriental-collections/intro-orient.html>] [02.12.14].

TEMARIO IDEOLÓXICO DOS PROVERBIOS DE L. WARNER				
Prudencia e imprudencia	Sabedoría, Aprendizaxe e ignorancia	Amizade, inimizade e relacións sociais	Goberno e cidadanía	Fama e difamación
1, 3, 4, 5, 12, 16, 23, 28, 31, 37, 42, 46, 51, 61, 62, 64, 65, 69, 72, 74, 78, 86, 87, 90, 92, 93	2, 7, 18, 19, 20, 21, 22, 29, 32, 35, 37, 39, 43, 63, 81, 88, 89	24, 25, 30, 67, 68, 76, 79, 82, 83, 94, 95	11, 26, 27, 31, 45, 49, 66, 70, 91, 96	10, 13, 36, 44, 50, 55, 57, 74, 77, 97

Fortuna/ infortunio	Viaxar	Morte/Fin.	Fe en Deus	Outros
8, 9, 14, 15, 42, 56, 80, 83, 98	40,41	6, 17, 32, 34, 52, 53, 71	47, 75, 99, 100	38, 47, 54, 58, 59, 60, 73, 84.

Obviamente é L. Warner quen escolle os refráns persas que quere comentar. O primeiro que sorprende é a ausencia de proverbios climatolóxicos e agronómicos, que adoitan constituí-lo núcleo de tódolos refraneiros e a abundancia de paremias de carácter espiritual ou que falan da conducta ideal. Son frecuentes as reflexións sobre a aprendizaxe e a prudencia, á esquerda da primeira táboa, que vemos como as dúas categorías máis frecuentes. Entre eles son frecuentísimas as referencias á natureza invariable das cousas; reflexións coma as seguintes son unha constante:

18. O burro de Xesús, aínda que vaia á Meca, chegado alí burro seguirá.// 19. Ó final o lobeto lobo quedará, aínda que se eduque entre homes.// 20. E logo, cando se fixo unha espada boa dun ruín ferro?// 21. Pulindo non se lle saca a ferruxe ó ferro picado// 22. A prata e o ouro veñen da pedra, pero non se topa en calquera pedra nin prata nin ouro.// 29. Burro naceu, burro viviu, burro morreu¹⁹.

Podemos establecer unha relación entre estas sentenzas ou proverbios coa doutrina calvinista da dobre predestinación, que defende que tanto os condenados como os que se van salvar teñen o seu destino marcado dende o principio. A demostración de tal criterio tentáraa realizar Calvino a través de citas bíblicas, xunto con S. Paulo e Sto. Agostiño. A inclusión destas sentenzas ou proverbios debemos valoralas, por outra parte, no contexto da polémica co Arminianismo ou remonstrantismo, corrente que se opuña ó calvinismo ó

¹⁹ Cómpre sinalar que, destes seis refráns que colocamos como exemplo, só o 29, quizais de certo sabor popular, non procede do *Golestan* (Shurgaia 2012: 318).

defende-la vontade do home como protagonista da súa salvación, na medida en que podía rexeita-la graza polo seu libre albedrío²⁰.

Dende o momento en que a obra vai adicada a Antonio Thysio, importante teólogo, filólogo e historiador, ó que vemos censura-las crenzas dos remonstrantes (VV.AA. 1626: 6) xunto co resto de profesores de teoloxía de Leiden, podemos supoñer que o propio Levin compartiría o principal dos seus postulados. Dada a intensa vivencia da relixiosidade por parte dos homes da época, debemos entender que esta cercanía non está desprovista de significado, e que é precisamente neste sentido como debemos interpreta-la sorprendente recorrencia do tema da fatalidade no presente traballo.

Podemos así establecer un vencello moi claro entre esta obra de Warner e o seu precedente máis inmediato (Warner 1642), unha *dissertatio* sobre a fin da vida -o *terminus*-, *utrum fixus sit annus* -se está fixada ou non. Neste tratado, dende as obras árabes e persas, insiste no criterio común entre eles en relación coa predestinación do fado para tódalas criaturas, incluídos peixes e moscas (1642: 17), pero, naturalmente, en especial para o home, que tería fixado o seu día e hora dende o principio.

A presente obra, como continuación, observaría o entendemento oriental -neste caso nomeadamente entre os persas- doutras nocións, que non indica expresamente, pero ás que volve de xeito recorrente. Quizais fose a súa intención inicial -nunca o saberemos- levar a cabo un traballo similar ó previo, tratando a cuestión da salvación, e despois o derivase cara a un tipo de obra máis xeral e cun carácter en certa medida popular.

As continuas referencias, por unha banda, á dita noción de aprendizaxe e condición innata, e, por outra, á fin do mundo e á morte, en número desproporcionado en relación cunha obra deste tipo, virían incidir nesta posibilidade. O feito de que no inicio desta obra, ó dirixirse ó lector (Warner 1642: 7), cite expresamente o *Golestan* como fonte fronte á ausencia de tal referencia no refraneiro, débese entender igualmente en termos de continuidade dunha na outra. Só neste sentido podemos comprender que tal referencia non fose necesaria.

O interese de Warner, por tanto, ía na busca dunha teoloxía natural, nun contexto de análise dos coñecementos sobre Deus de sociedades distintas entre si, máis que na simple recollida de refráns cun interese paremiolóxico, que tampouco está excluído. Estes *Cen refráns e sentencias persas* débense valorar, xa que logo, con prudencia, partindo dun entendemento do seu foco de interese interno como conxunto. O seu carácter está a medio camiño entre o dunha colección de sentenzas de tipo literario e o dun refraneiro propiamente dito. Estes trazos impregnan os ditos e proverbios aquí recollidos e débense ter en conta antes de tomalos en consideración individualmente.

²⁰ Sobre a fortuna posterior desta corrente abonda indica-lo seguinte: "Although the principles of Arminius were solemnly condemned in the great Calvinist Synod held at Dordrecht, or Dort, in 1618-19, and the "Remonstrant heresy" was rigorously suppressed during the lifetime of Maurice of Orange, nevertheless the Leyden professor had given to ultra-Calvinism a blow from which it never recovered. The controversy was soon transplanted to England where it roused the same dissensions as in Holland. In the following century it divided the early Methodists into two parties, the followers of John Wesley adhering to the Arminian view, those of George Whitefield professing the strict Calvinistic tenets." (Loughlin 1907).

1.4. Valoración

O descoñecemento por outras fontes dalgúns destes refráns e a propia antigüidade do refraneiro poden despertar un interese investigador, en especial no que se refire ó proxecto *Widespread Idioms in Europe and Beyond*²¹. Este proxecto, que vén desenvolvendo Elisabeth Piirainen coa colaboración de investigadores procedentes de toda Europa e parte de Asia²², ten por obxecto rastrexar locucións que comparten a mesma estrutura léxica e semántica nun número grande de linguas.

Tratando de simplifica-lo proceso de desenvolvemento do proxecto, o seu resultado principal observámolo no seu *Widespread Idioms in Europe and Beyond: Toward a Lexicon of Common Figurative Units* (Piirainen 2012), no que, ó longo de 600 páxinas, se recollen distintas locucións comúns a un número variable de linguas europeas, normalmente alto, xunto coa súa procedencia, moitas veces atopada nas Sagradas Escrituras ou en obras literarias. Quizais este refraneiro sirva para limita-las afirmacións coas que Piirainen pecha este ensaio de Lexicon:

The idea that the figurative lexicon of a given language provides the basis for an idiosyncratic cultural worldview that mirrors some national-cultural character and mentality originated in national romantic thinking, which thought of nations as being identical to languages or cultural communities – something that even in Europe alone is nowhere the case. This idea has largely been disproved and abandoned since. (Piirainen 2012: 513)

Warner non semella estar de acordo con este tipo de afirmacións. Na súa introdución lemos como vai loando os engados de cada lingua, destacando nos árabes a “saboría e sutileza”, nos turcos “a magnificencia e altura”, nos persas “a suavidade e a elegancia” (1644: 5). Así semella entender, en todo momento, a lingua como receptora, transmisora e conduto principal da idiosincrasia dos pobos, nos modismos da cal residiría o aceno máis característico deste pulo social reflexado pola fraseoloxía.

Pese a que a obra de Warner está dirixida á recollida e estudo das sentenzas e proverbios persas, en 2.27 observamos que asimesmo lle presta atención ás locucións, onde indica as diferenzas presentes no uso de fraseoloxismos entre o mundo grecolatino e o entorno persa. Sinala así que a unha locución como *coñece-lo león polas unllas* “nin adiviñando lle sacan un sentido parecido” os persas, mentres que, a unha locución persa escura expresada en latín “ninguén que coñeza a lingua latina sería quen de darlle coa intención”. Estas afirmacións son matizables, por outra parte, coa lectura de 2.35, en que os usos idiomáticos presentes na lingua persa da palabra *ollo* pódenos lembrar usos parellos en linguas modernas occidentais.

A utilidade do presente traballo, xa que logo, máis aló do seu interese en si, podería estar nunha mostra dos límites do que é común na paremioloxía, limitando posibles afirmacións xeralistas neste sentido. Ó engadi-la perspectiva histórica é posible matiza-las posibles

²¹ Sobre este proxecto: [<http://www.widespread-idioms.uni-trier.de/>] [02.12.14].

²² [<http://www.widespread-idioms.uni-trier.de/?p=teilnehmer&lang=en>] [02.12.14].

afirmacións xeneralistas, enmarcándoas no decurso do tempo e no contraste, xa non só entre as sociedades contemporáneas, senón tamén entre as históricas. É proba, noutro sentido, do vivo ambiente cultural da universidade de Leiden no século XVII, que nos traslada a un tempo do que temos moito que aprender, especialmente no noso tempo, no que a sobreespecialización é norma na academia.

A impresión final da lectura deste traballo de Warner é a dun, que chamarían os antigos, προπρεπτικὸς λόγος, un intento de atraer-los lectores á reflexión sobre a cultura e relixión persas, achegándoos á súa lingua e literatura dun xeito simplificado e entretido: unha lectura grata para os coñecedores e introdutoria para os interesados. As escollas feitas polo autor non están espidas de significación, senón que apelan a disputas do seu tempo e ós intereses que, por aqueles anos, animaban o estudo dos orientistas de Leiden.

A obra debeu de xerar interese no seu tempo. Abondo como para que, cento vinte e seis anos despois, isto é, cando corría 1770, o noso Frei Martín Sarmiento, como antes se indicou, citase con total precisión as palabras introdutorias de Salmasio: *Inter europaeos, Hispani in his excellunt, Itali vix cedunt, Galli proximo sequuntur intervallo*²³. Máis alá destes grandes eruditos, con todo, creo improbable achar referencias similares.

Na introdución indícanos Salmasio, inmediatamente despois da cita que daba Sarmiento, *Argutae brevesque loquendi formulae quamvis e trivio petitae, & plebi frequentatae, suas habent veneres, & genium cuiusque gentis penes quam celebrantur*²⁴ (Warner 1644: 1). De certo que estas aseveracións identifícanse só en certa medida coa realidade. É difícil crer que efectivamente fosen *e trivio petitae*²⁵ cando, como demostrou Tea Shurgai (2012: 318), dos 100 proverbios 59 proceden do *Golestan* ("o Xardín das Rosas" en persa), ampla colección obra de Sadi, un dos grandes poetas medievais persas; este feito é recoñecido polo autor só en cinco ocasións (2, 4, 36, 75 e 91), aínda que existe a posibilidade de que en verdade os oíra en boca de outros.

Apúntase, por último, que todo o introducido entre corchetes [] é engadido respecto ó orixinal. Tratouse de aclarar aqueles puntos de interpretación máis escura e completa-las citas na medida do posible, engadindo a referencia necesaria. Alí onde semellou posible fíxose un intento, así mesmo, de indicar paralelos en galego ou castelán.

1.5. Prólogo de Salmasio²⁶

Claudio Salmasio saúda ó autor.

Hai pouco tempo, eruditísimo Warner, vin na imprenta os Proverbios persas que están tocando á fin, coa túa tradución. Despois de ollar por riba os que xa están impresos non

²³ "Entre os europeos os hispanos son nisto os máis descitados, os italianos pouco menos, e os franceses síguenos a pouca distancia".

²⁴ "Os ditos agudos e breves, aínda que se recollan na rúa e sexan de uso vulgar, posúen os seus encantos e amosan o xenio do pobo que lles dá a súa fama".

²⁵ "sacados da rúa" (lit. "recollidos no cruzamento de camiños")

²⁶ Claudio Salmasio (1588-1653), erudito francés, a el débese o descubrimento do único manuscrito da *Antoloxía Palatina*, así chamada pola Biblioteca Palatina de Heidelberg, lugar da súa aparición (*Encyclopaedia Britannica*: s.v. Anthology).

me foi difícil asegura-lo valor e a importancia do traballo que levaches para dalos ó mundo latino. As agudas e curtas maneiras de falar, aínda que sacadas da rúa e a miúdo empregadas polo pobo, teñen o seu encanto, manifestan o enxeño do pobo que as usa e mostran a súa agudeza. Entre os europeos sobresaen nisto os españois, os italianos, van pouco atrás, os franceses séguenos a moi pouca distancia. Teño oído que tamén os belgas, para que non se queixen de quedaren esquecidos, tampouco están faltos de adaxios enxeñosos e graciosos. Non hai ningún pobo tan inculto e bárbaro que non abonde na brevidade desta clase de ditos populares que expresan en poucas palabras algunha agudeza. Os mesmos campesiños en case tódolos pobos dispoñen tamén de tales recursos, moitas veces non tan incultos e faltos de graza como é a súa vida. Quedan as coleccións dos gregos que mostran o enxeño deste pobo, onde se evidencia que en todo foron sabios e agudos. Tampouco os orientais están faltos de graza e agudeza neste aspecto. Erpenio²⁷ publicou cousas dos árabes, das que é fácil facer un xuízo de en que sobresaíron neste campo. Ti estasnos sacando a relucir cousas dos persas, que neste eido avantaxan cumpridamente as dos árabes, pola elegancia e beleza de semellantes ditos proverbiais, e non sen moito enxeño. Sigue dando así a coñece-las letras persas completamente descoñecidas ó noso mundo e dáte présa en levalas de Persia a Leiden. Que farías se vivises en Persia? Non importarías as mercadorías que a vida tanto aprecia de alí, non tan dignas de estima a non ser para os que senten devoción por Mercurio, que preside o lucro. Ti que estás interesado nas expresións breves farías pasar tódolos recursos da súa lingua a estas terras. Cando importases a Europa as mercadorías persas e mailas árabes volverías onda nós cargado cos desposos de Oriente. Por iso desexo que poidas facelo canto antes e de corazón fago votos e súplicas para que acelére-la proxectada viaxe con este fin, feliz e venturosa para ti. Adeus e sigue queréndome. Leiden, 9 de agosto de 1644.

1.6. Introducción de Warner

Benévolo Lector:

Se che parece ruda ou inacabada a edición deste traballíño, espero que as limitacións de tempo no que se fixo poidan excusalo. A verdade é que se chego a ter máis tempo entregaría un libríño máis requintado, un que brillase con moitos máis proverbios e sentenzas aínda máis elegantes ca estas, que estivese acompañado de notas mellores e máis precisas. En todo caso préngolles ós que estimen as cousas sen maldade, con boa vontade e xuízo, que me aconsellen sempre que atopen cousas deslabazadas ou sen corrixir, alí onde se faga notar en que condicións fixen público este traballo.

Penso, con todo, que lles satisfará ós meus amigos, que buscan ter ocasión de coñece-la lingua persa. A eles, insisto, quíxennles dar a probar algún dos encantos desta lingua, para que puidesen xulgar por si mesmos o seu xeito singular, posto que ata o de agora non había nada traducido á lingua latina dende escritos propiamente persas. Tanto engado ten esta lingua canto pode imaxinarse en ningunha lingua, en tal grao que nin

²⁷ Erpenius (Van Expe), Thomas (1584-1624): Orientalista holandés, profesor en Leiden; destacan a súa gramática árabe e os seus avances na edición impresa con tipos árabes (*Encyclopaedia Britannica*: s.v. Erpenius).

os árabes nin os turcos o poden acadar. Por iso, se admiro a sutileza do árabe e louvo a maxestade do turco, entón da elegancia do persa son un completo namorado. Os árabes falan con sabedoría e sutileza, os turcos con magnificencia e altura, pero os persas con suavidade e elegancia.

Tiven xa moitas conversas variadas cos que falan en hebreo, en árabe, en persa e en turco; pero ningunha oín que tanto me emocionase, que de tal maneira xuntase a beleza e o xeito, como o persa. Non recomendaría a ninguén que tentase, antes de mergullarse ben no árabe, poñerse a traballa-lo persa, como tampouco me atrevería a propoñerlle que se esforzase no turco -que queredría xuntar coas outras dúas- antes de poñer por diante o árabe e o persa. Hai infinitos préstamos do árabe no persa, e son un milleiro os do árabe e o persa no turco. Se un ten todos estes ben coñecidos, aprenderá as linguas que mesturan estas palabras cun traballo máis sinxelo e vantaxoso.

Engade ademais que un rapaz non vai ser quen de distingui-las palabras de cada lingua entre elas, senón que tomará as árabes por persas ou as persas e árabes por turcas, a non ser que coñeza de onde veñen as linguas. Aínda que alguén atopase un mestre que soubese levalas á súa orixe e fonte, que puidese, por exemplo, indicar que as persas son palabras árabes, ou que as turcas son árabes e persas, e ensina-lo seu significado: incluso así non sería posible aprender con precisión abondo o sentido orixinal que lle corresponde a cada cousa.

Hai que entender que nas diversas disciplinas trátase só un único tema; o xeito, en cambio, co que se trata, varía: *Καὶ γὰρ τέκτων καὶ γεωμέτρης διαφερόντως ἐπιζητοῦσι τὴν ὀρθήν: ὁ μὲν γὰρ ἐφ' ὅσον χρησίμη πρὸς τὸ ἔργον, ὁ δὲ τί ἐστὶν ἢ ποῖόν τι: θεατῆς γὰρ τάληθοῦς.*²⁸[Arist.EN 1098a29] *Pois o carpinteiro e o arquitecto non buscan o ángulo do mesmo xeito, senón que un búsqueda na medida en que lle é útil para o traballo: o outro, en cambio, pregúntase o que é e de que xeito é; xa que é un contemplador da verdade.* Arist. Ethic. ad Nicom. 1, 7.

Ocorre o mesmo cando unha palabra, por exemplo, de orixe árabe, é usada polos árabes, os persas e os turcos; pero os persas e os turcos só a saben explicar no uso, como o artesán valora o triángulo. Se a súa feitura é de madeira ou de pedra é algo que se deberá preguntar dende a súa experiencia no traballo -segundo Averroes-, para saber cal é a máis axeitada para o seu propósito.

A verdadeira orixe da palabra hai que buscala no árabe: do mesmo xeito que alguén que quixese coñecer simplemente a natureza do triángulo, isto é, que é e como é, e que tipo de ángulos ten, terá que preguntarlle a un matemático. Isto mesmo convén telo en conta para as palabras persas que hai no turco.

Xa non engado máis, benévolo lector, que vou inicia-lo meu camiño oriental, conducido por Deus e baixo o padroado das altas autoridades, entre as cales sempre teño que eloxiar un home que non se pode loar abondo, D. Godefredo Hotton. Sen el estaría aínda moi

²⁸ Texto grego corrixido segundo a edición de Bywater (1894).

lonxe do meu destino. Se se me permite τὸ νόστιμον ἤμαρ ἰδεσθαί²⁹, e felizmente levar a remate cada unha das cousas que teño pensadas, conseguirei, coa axuda do bo Deus, satisfácelas túas expectativas máis que suficiente.

Se ves, entretanto, algunha cousa nesta tradución ordinaria e confusa que con razón se poida quitar, perdoarao a túa boa fe. Ben sabes que neste tipo de exercicios téndese moito ó erro, nestes casos coma o meu, que non puider facer uso de dicionarios, e foi necesario recorrer sempre á memoria.

Un saúdo.

2. Cen refráns e ditos persas

2.1. که نمک خوری نمکدان مشکین

In loco, ubi sal comedis, salinum ne frangito.

Onde cóme-lo sal non rómpa-lo saleiro.

COMENTARIO: Os beneficios non se deben compensar con maldades. Dise que come con outro o sal, o que é amigo del. Do mesmo xeito chámannos tamén Demóstenes e Crisóstomo ἄλῶν κοινωνοῦντες [compañeiros de sal], *os amigos, os que comen xuntos*. De که نمک sal fórmase نمکدان saleiro; do mesmo xeito que de شمع candea fórmase شمعدان candieiro, etc. Os árabes tamén din: الجب الذي شربت منه الماء لا ترمى فيه حجر. *No pozo, onde bebiches auga, non tires pedra.*

2.2. اکر صد سال کبر آتش فروزی اکر یکدم آندری اوتد بسوزی

Licet Gaber per centum annos accendat ignem, tamen si vel semel in eum incidat, comburitur.

Aínda que Gabro³⁰ acenda o lume cen anos seguidos, con que só unha vez caia nel, quéimase.

COMENTARIO: Ten graza o que se di en گلستان [Golestan]³¹ e vén ó caso deste refrán:

²⁹ “Contempla-lo día do retorno”. Cita da Odisea, por exemplo, I, 168, 354, etc.

³⁰ Gabro aquí, como se explica despois, significa “adorador do sol” ou “persa”.

³¹ Como Shurgaia indica (2009: 324) Warner non indica en ningún momento que 59 dos proverbios da súa colección proceden do *Golestan*. Tampouco aclara de cales se trata. Só en contadas ocasións cita esta fonte, coma neste caso, o n° 4, o n° 36, o n° 75 e o n° 91

مثل سبأ کوش را گفتند چرا
چرا ملازمت شبیر بجبه کار افتاده گفتی چرا
فضلہ صیدش بخورم و از شر دشمنان در بناہ او
زندگانی میکنم گفتند اکنون کہ بظل حمایتش
در آمدی و شکر نعمتش اعتراف نمودی چرا
زنی کمتر نیایی تا در حلقہ خاصات در آری و از بندگان
مخلص شمار گفت از بطش وی ایمن دیستیم

A unha raposa (de orella negra) preguntáronlle por que estaba ó servizo do león: "Porque", dixo, "aproveito as súas presas, e, coa súa protección, vivo unha vida despreocupada dos ataques dos inimigos". "Pois logo", dixeron os outros, "xa que andas baixo a sombra da súa tutela, por que non te achegas máis a el, para que te acepte entre os seus, e te conte entre os seus servos queridos?" Respondeu ela: "A forza del non permite que eu poida estar segura".

Polo demais کبر *Gaber*³² é o nome dos adoradores do lume, que aínda hoxe sobreviven en Persia³², con moita teimosía na súa superstición. Vexo que outros lles chaman Gaor, e entendín o étimo polo culto ó touro, que entre os persas está consagrado a Gao; ou, con mellor criterio, do turco, Gaur, co que se denomina os infieis. Pero sen dúbida Gaor é unha corrupción de کبر *Gaber*³³. E se isto é así, descártanse as outras hipóteses etimolóxicas. A mesma voz aparece no Talmud, no Tratado do Sábado.

תחת ישמעאל ולא תחת נוי תחת נוי ולא תחת חבר (habitarás) baixo o ismaelita e non baixo o cristián. Baixo o cristián, e non baixo o Caver. Onde a glosa indica que Caver é תחת פרייה אומה *o pobo dos fillos dos persas*.

موفون باذک بی هنگام برن اشته نمیداند که چند از شب گذشت

Praeco intempestive vocem sustulit, ignarus, quantum de nocte praeterierit.

³² Actualmente o número de zoroastristas ou parsis ronda os 120.000, dos cales case 70.000 habitan na India (ADKINS 2012: 6) e entre 5.000 e 20.000 están aínda en Irán (2012: 10).

³³ Este termo é semellante ó árabe *kaffi*; usado co significado de infiel, que non está convertido ó Islam. Este termo aplicouse a diferentes pobos ó longo dos séculos, converténdose nalgúns casos en termo de uso habitual para determinados grupos étnicos. Inicialmente usado polos xeógrafos árabes como referencia á África por baixo do ecuador, a onde non chegara a relixión islámica, denominándoa así "Cafrería" (Machado 1995:23). De tal territorio serían naturais os cafres, termo que en portugués, galego e castelán tomou asimesmo un sentido despectivo, independente da cor de pel. No *kaffir* do inglés e no *kaffer* do afrikaans mantivo en cambio o sentido racial e segue hoxe en uso como insulto neste sentido en Sudáfrica. [http://www.etymonline.com/index.php?allowed_in_frame=0&search=kaffir] [02.12.14].

O pregoeiro ergueu a voz a deshora, sen saber canto pasara da noite.³⁴

COMENTARIO: Dise daquelas cousas que non se fan no seu xusto tempo. Coma se o pregoeiro entre os mahometanos convocase o pobo para os rezos á mañá, صلاة الصبح ou máis cedo ou máis tarde do debido. Adoita [o pregoeiro] recitar entón estas palabras:

الله اكبر اشهد ان لا
اله الا الله اشهد ان محمد رسول الله حي علي الصلوة
حي علي الفلاح الصلاة خير من النوم الله اكبر لا اله
الا الله

Deus é grande. Confesa que non hai un deus máis ca Deus. Confesa que Mahomet é o mensaxeiro de Deus. Achégate ós rezos. Alcanza a prosperidade. É máis importante rezar que durmir. Deus é grande. Non hai outro deus máis que Deus.

2.4. بديدار مريم شدن عيبي نيست وليكن فچندان
که کوبند پس

Homines invisere indecorum non est; modo toties non fiat, ut dicant: sat est.

Non é indecoroso que os homes fagan visitas; con tal de que non ocorra tantas veces como para que digan: xa abundou.³⁵

COMENTARIO: A visita frecuente de máis adoita disminuí-lo amor: pola contra a inhabitual adoita aumentalo. Sobre isto os árabes din: زرعها ترون حبا: visita pouco e aumentarás o aprezos³⁶. Do modo en que Mahomet, como está escrito, falou a Abuhariram, cando ía visitalo tódolos días: يَا ابا هريرة زرعني غيا oh Abuhariram! Visítame pouco. O que o persa en گلستان [Golestan] expresa así: Non veñas cada día, para que medre o amor: هر روز ميا تا محبت زيادت شون

³⁴ [MARTÍNEZ KLEISER: 566. 49.500. *Tarde vino el gato con la longaniza*/ p. 685 59.944. *Ya es de noche y aún no estamos en Pedroche*]

³⁵ [MARTÍNEZ KLEISER: 742. 64.667. *A do te quieren mucho no entres a menudo*/64.674. *Visita cada día a la semana hastía*/ 64.675. *Va onde te queren, y no onde tu queres* (refrán judío-español)/64.678. *Adonde te quieran mucho, ve poco, y donde no te quieran, ni aparezcas*/ 64.679. *A quien bien te quiere, visítale poco, para que te deseel*/64.683. *Antes seas deseado que visitante pesado*/ 64.684. *Hazte desear si quieres hacerte amar*/ 64.685. *Quien quiera ser apreciado ha de hacerse deseado*/ 64.686. *Las visitas, raras y no reposadas.*]

[gal. *Onde te queiran moito non vaias moito/ Á casa da túa tía non vaias cada día.*]

³⁶ Semella o máis probable que a referencia a este proverbio a tomase Warner da obra de al-Jāhiz *Al-Bayān wa-t-tabayīn* ("a claridade e a aclaración"), xa que Ould Mohamed Baba inclúe este entre os proverbios e refráns que recolleu este autor altomedieval (2003: 144).

2.5. بدین خوبی که افتابست هرگز نشنیده‌ام که
کسی او را دوست گیرد مگر در زمستان که
محبوبست و محبوب

Qui solem propter usitatum eius bonitatem carum habeat, audivi neminem; sed tempore hyberno, ubi obvelatus est, desideratur.

Non sei de ninguén que lle teña cariño ó sol pola súa habitual bondade; pero no inverno, cando está cuberto, bótase de menos.

COMENTARIO: As cousas, de uso familiar e cotián, adóitanse case desprezar: pola contra dáselles un valor cando nolas apartan dos ollos.

2.6. چو اهنک رفتن کند جان پاک چه بر تخت مرن
چه بروی خاک

Cum migrare vult (e corpore) anima pura, quid tum refert, in thronone quis moriatur, an in terra?

Cando a alma pura quere saír do corpo, qué diferenca hai entre que un morra nun trono ou tirado na terra?

COMENTARIO: خاک significa *po*. Esta palabra adóitana usar os persas cando queren testemuñar ante outros a máis alta observancia. Deste modo: خاک دای شما (son) o *po dos teus pés*. Un xeito de falar tamén común entre os turcos. Así di o poeta:

قندۀ بر اهلی دلی کورت کورم
ایاغی! طبرانی اولسون بو بورم

Cando vexo un sabio ou un cego, quero que a miña cara sexa o *po* do seu pé. Pero tamén, cando os persas lanzan imprecacións contra alguén, usan esta mesma palabra. Así din, خاک بر سرش (caia) o *po* na cabeza del. E na honra de Ali:

هر که چون خاک نیست بر در او
گرفته است خاک بر سر اوست

A quen non é coma o *po* ante as portas del (Ali), aínda que sexa un anxo, o *po* cóbrelle a cabeza.

Palabra blasfema! Como tamén aquela, que está moito na boca dos persas:

عَلِي رَا خُدَا دَسْمِشْنَا سَم دَوْرَا ز خُدَا نَمِيْدَا دَم A Ali non o recoñezo como Deus, pero sei que non está lonxe de Deus. Ademais é un uso vulgar entre os persas que, cando alguén usa as palabras خَاكِي بَايِي شَمَا son po dos teus pés, o outro, ó que se lle di isto, responde: خَاكِي بَرِ مَرِ دَشْمَنِ شَمَا Po sobre a cabeza do teu inimigo. E neste sentido tamén, como símbolo de rexeitamento, recollo as palabras do evanxelista, Mat. cap. 10 vers. 14. Ἐκτινάξατε τὸν κονιορτὸν τῶν ποδῶν ὑμῶν. Sacudide o po dos vosos pés³⁷.

2.7. قَرَارِ بَرِ كَفِ آزَا نَكَا ن كَلِيْر مَالِ نَه صِيْر دَر دَل
عَاشِقِ دَه آبِ دَر غَرِيَالِي

Certum est, in manibus prodigorum non durare opes: cor amantis carere patientia: in cribro non manere aquam.

Tres cousas son ben certas: que nas mans dos gastadores non duran os cartos; que o corazón do namorado non ten paciencia; e que no cribro non se garda a auga.

2.8. بُخْتِ وَدَوْلَتِ قَرِيْبِيْنِ يَكْدِيْ كَرَانْدِ هَر كَرَا بُخْتِ نَيْسْتِ
دَوْلَتِ نَيْسْتِ

Fortuna & gloria arcte coniunguntur. Qui fortunam non habet, gloria quoque caret.

A sorte e a gloria están estreitamente unidas. Quen non ten sorte tampouco ten gloria.

COMENTARIO: نَيْسْتِ non é, componse da partícula de negación نَه non, e اَمْدَتِ é: De xeito que entre os caldeos e os sirios (de onde árabe لَيْسَ non é) igualmente componse de لِيْتِ e اِيْتِ.

2.9. اَكْرَ بَهْرِ مَرِ مَوِيْتِ دَو صَدِ هَنْرِ بَاشْدِ هَنْرِ بَكَا ر
نِيَايِيْدِ چَو بُخْتِ بَدِ بَاشْدِ

Etiamsi singulis capillorum tuorum apicibus ducentae adhaereant artes, nihil illae iuvabunt, si fortuna adversetur.

Aínda que a cada punta dos teus cabelos se che peguen duacentas artes, de nada servirán, se a sorte se che pon en contra.

2.10. هَر كَه عِيْبِيْنِ دَا كَرَانِ نِيْشِ تُو آوَرْدِ وَشْمَرْدِ بِيْ كَمَا ن
عِيْبِيْنِ تُو نِيْشِ دَا كَرَانِ خَوَا هَدِ بَرِ

Qui aliorum ad te crimina defert & recenset, praeter opinionem tuos etiam defectus aliis indicat.

³⁷ Mat. 10: 14 (Biblia en galego).

Quen che conta e critica os crimes doutros, aínda que che pareza que non, tamén lles conta a outros os defectos teus.

COMENTARIO: Con xeito din os árabes: **من نقل اليك فقد نقل عنك** *Quen che vén co conto doutro, tamén lles leva a outros contos de ti.*

Asimesmo: **من يخبرك بشتم عن احد فهو الشاتم** *Quen che fala mal de alguén, ese é un difamador.*

2.11. **د دست آهني نغته کردن خیر به از دست بر سینه
نیش امیر**

Manu ferrea fermentum subigere satius est, quam manu sinui applicata coram principe (stare).

É mellor con esforzo facer que levede a masa, que estar coa man no peito ante o príncipe.

COMENTARIO: É exitoso, o que, en relación con esta sentenza, se le en: **گلستان**, [Golestan].

**دو برادر بودند در مصر یکی خدمت سلطان کردی
و دیگری بسعی بازوانان خورنی باری این توانگر
درویش را گفت چرا خدمت نکنی تا از مشقت کار
کردی برهائی گفت تو چرا ترکی خدمت نکنی تا از
مذلت خدمت خلاص یابی**

Había dous irmáns en Exipto, dos que un servía ó emperador, e o outro buscaba a vida co traballo das súas mans. Dunha vez o irmán máis rico díxolle ó pobre: "Por que non serves tamén ós magnates, para te quitares deste traballo ingrato?" E o irmán responde: "E ti, por que non deixas de servilos, para te liberares da pesadez deles?"

2.12. **بنطق آدمی بهتر است از دواب دواب از توبه کرد
ذکوی صواب**

Homo brutis sermone praestat: sed bruta te antecedunt, si dicas quod improbetur.

O home supera as bestas coa palabra: pero as bestas supérante, se fála-lo que non debes.

COMENTARIO: Neste sentido dí ademais o fundador: **گلستان**
سخن مزن بی قامل بگفتارم نکو کوی اگر دیر

کَوي چه غم *Non fales sen meditar. Cando fales, prefíre o que é axeitado. Aínda que sexa tarde, non importa.*

2.13. يعذر توبه توان رستن از عذاب خدای ولیک می
فتوان از زبان مردم رست

Per poenitentiam liberari quis potest a poena divina: sed liberari nemo potest a lingua hominum.

Coa penitencia calquera se pode liberar do castigo de Deus: pero ninguén se pode librar da lingua dos homes.

2.14. پای در زنجیر پیش دوستان نه که بیگانهکان
در بوستان

Pede catenato apud amicos esse satius est, quam apud peregrinos in horto (incedere).

Mellor estar cun pé atado a unha cadea entre amigos, que (entrar) nun xardín entre estraños.³⁸

COMENTARIO: بوستان *xardín*, coma en caldeo *בוסתנה*. Así o xeito de *παράδεισος* coma os árabes din os persas tamén *فردوس*.

2.15. اگر دنیا نباشد در دمندهیم اگر باشد فمهرش پای
بندیم

Ubi opes nulla suppetunt, affligimur: cum suppetunt, amore illarum implicamur.

Cando non temos cartos, sufrimos; cando chegan, o amor a eles escravízanos.

COMENTARIO: دنیا *mundo* tómase aquí por *cartos*: de onde دنیا دار é o mesmo que *مالدار* *quen ten moitos cartos*.

2.16. اگر خویشتن را ملامت کنی ملامت نباید شنیدی
ز کسی

Si ipse te coarguas, minime ab aliis reprehendi necesse habebis.

Se te criticas a ti mesmo, non precisarás que os outros te reprendan.

³⁸ [gal. *Na terra allea quen ben está, ben estea.*]

2.17. خیري کنن اي فلان وغنيمت شمار عمر زان
بیشتر که بانک بر آید فلان نماند

Benefac quisquis es, & in lucro deputa vitam, antequam vox illa increbrescat: ó ðeīva superstes amplius non est.

Fai ben, sexas quen sexas, e valora a vida como un beneficio, antes de que esa voz se faga oír: o tal non ha sobrevivir.

COMENTARIO: از آن بیشتر escríbese de forma completa از آن *dende aquilo*: posto que *بیشتر* significa literalmente, *dende aquilo primeiramente*, isto é, antes. O از da seguinte partícula, از *dende* adóitase omitir: como tamén ocorre en *کمز* en vez de *از که* *quen, porque dende*. O cal *کمز* débese distinguir de *کز*, o cal xunto co morfema *هر* significa *nunca*. Como naquelo que di: *Non sufras coma se nunca foses coñece-la boa fortuna.*

2.18. خر عیسی اکر بملکه روک چون بیاید هنوز خر باشد

Asinus Iesu licet Meccam eat, cum eo venerit, etiamnum asinus erit.

O burro³⁹ de Xesús, aínda que vaia á Meca, chegado alí burro seguirá.⁴⁰

COMENTARIO: A mala condición dun home non se pode corrixir ou perfeccionar con ningún remedio ou técnica. Así como que o burro será sempre o mesmo, aínda que o utilízase o gran profeta Cristo (por falar aquí dende a perspectiva dos musulmáns), e aínda que puidese ver el o célebre e honorable lugar da Meca.

2.19. عاقبت کرک زاده کرک شون کرچه با ادھی بزرک
شون

Ad extremum lupi catulus lupus manebit; etiamsi inter homines educatus fuerit.

Ó final o lobeto lobo quedará, aínda que se eduque entre homes.⁴¹

³⁹ Tamén no 29 e 79 vemos que volta aparece-lo burro, normalmente no uso desta figura “para resaltar el carácter inútil o absurdo de determinadas acciones o ideas” (Cascajero 1999: 115). Este uso é compartido por tanto co occidente antigo, no que, como destaca Cascajero, é de recurrencia frecuente. Asimesmo nun proverbio extraído do Corán lemos: “53. Mathalu al lathîna h:amalû at-tawrâtî thumma lam yah:milûha kamathal al-h:imârî yah:milû ‘asfâram bi’sa mathalin al-qaum al-lathîna kadh-dhabû bi’ayât Il-lâhî wal-Llâhu lâ yahdî al-qauma al-z:âlimîn. [Aquellos a quienes les fue encomendada la Torá y no actuaron conforme a ella, se parecen a un asno que lleva una carga de libros. ¡Qué mala es la semejanza de la gente que niega los signos de Alá!]” (Gogazeh e Al-Afif 2007: 137).

⁴⁰ O concepto deste refrán exprésase entre nós dun xeito máis laico: *Aínda que a mona se vista de seda, se mona é, mona queda.*

⁴¹ [gal. *O cardo que ha de picar, xa espiñas trae ó nacer.*]

COMENTARIO: Aínda que botes fóra a natureza cun galleta, ela sempre volverá ó seu. É xeitoso o que en relación a este dito contan os árabes nunha historia de animais.

دخلت البادية فإذا بعجوز وبين
يديها شاة مقتولة وجرو ذيب مقطع فنظرت إليها
وقالت ادري ما هذا قلت لا ادري قالت هذا جرو ذيب
أخذناه وأدخلناه بيننا وأرضعناه شائنا فلما كبر قتلها
وقد قلت في ذلك شعر قلت ما هو فأندست بقرت
شوهة وفجعت قسوما وأدنى لشائنا ولد بريم غديت بذرها
وربيت فيما بين أباك ابن أباك ذيب. إذا كان الطباع
طباع سوء فليس ينافع فيه إلا ذيب

Fun ó campo e nisto vin unha vella, e onda ela unha ovella morta, que un lobeto destripaba. Achegueime a mirar e preguntame ela: "Ti sabes quen é ese?" "Eu non," -dixen. Ela di, "Éche o lobeto ó que lle demos acubillo e que a nosa ovella aleitou. Cando se fixo grande, matouna. Sobre o tema inventei unha canción." "Que canción é esa?" Entón ela empezou así: "Trátache-lo noso pobo de maneira inxusta, cando te puxemos ó carón da nosa ovella coma un da casa, e educácheste entre nós. Por favor, quen che dixo que ti es fillo dun lobo?" Éche boa verdade: cando a natureza é ruín, non hai educación que lle preste.

2.20. شمشیر نیک ز آهن بد چون کند کسی

Ecquando conficitur gladius bonus ex ferro malo?

E logo, cando se fixo unha espada boa dun ruín ferro?⁴²

COMENTARIO: Sen duda lese como en کلهستان : نسا کسی بتریدت : نشون کسی *O malfeitor, por pasar por boa escola, non sae home de proveito.*

2.21. اهني را که موربانه بخورن نتوان بره ازو بصیقل
رنک

Ex ferro quod arroditur, nulla politura aufferri rubigo potest.

Pulindo non se lle saca a ferruxe ó ferro picado.⁴³

COMENTARIO: O sentido, como en کلهستان podemos ver, é este: *A quen aproveita que amorees consellos sobre un entendemento corrompido (negro)? O ferro non se clava na pedra. No mesmo sentido xunto ó precedente está aquel:*

⁴² [gal. *O que no leite se mama, tarde ou nunca se esquece/ Quen malas mañas ten no berce, tarde ou nunca as perde*]

⁴³ [gal. *Neno criado por avó, nunca foi bo/ A moita liberdade bota a perde-la mocidade*]

هیچ صیقل دکو نخواهد کرد آهنی را که بد کهر باشد
Non vai a ningures andar pulindo o ferro de mala substancia.

2.22. کر چه سیم وز زر سنک آید شی در چه منکی نباشد
زر و سیم

Etiamsi argentum & aurum ex lapide proveniat: non tamen in omni lapide argentum & aurum reperitur.

A prata e o ouro veñen da pedra, pero non se topa prata ou ouro en calquera pedra.⁴⁴

COMENTARIO: Non se fai un Mercurio de calquera pau. Recibindo as mesmas ensinanzas e imbuíndose dos mesmos preceptos de virtude algúns toman deles proveito para ben, outros para mal.

A saber: طبعش خلاف جاران که در لطافت
A choiva, que de seu é sempre a mesma, no xardín produce anémones; e, na bouza, toxos.

2.23. لقمان را گفتند ادب از که اموختی گفت. از بی ادبان

Locmano dixerunt: ex quo didicisti eruditionem? respondit ille, ex iis, qui eruditione carent.

Dixéronlle a Locmán: De quen aprendíche-la erudición? Respondeu el: dos que carecen dela.

COMENTARIO: Os árabes así o expresan:

كان يوما لقمان الحكيم
يكلم اصحابه فسأله رجل قايلا مرح ابرم تعلمت
الادب فقال لقمان مرح مرح الذي ما له ادب

Certo día o sabio Locmán andaba a falar cos seus compañeiros; e preguntoulle un deles: de onde aprendiches a erudición? Dixo Locmán: De aquel, que non a ten. En proverb. CL. de Erpenio pax. 180. Parece escuro, de qué xeito aprendería Locmán a erudición de quen non tiña erudición. O gran Scaligero conxectura que sería a través dos libros mudos, que non teñen erudición: de maneira que ما له non a el, preferiu ler conxuntamente ما له a obra del; como se houbese que traducir, الذي ما له ادب del, que tiña a riqueza da erudición. Que é outro, en cambio, o sentido xenuíno deste dito aclárao o كلكستان [Golestan] con estas palabras, que se atribúen ó propio Locmán. Daqueles, dixo, que non teñen erudición, aprendín a erudición, هر چه از ایشان در نظرم نابند آمد از فعل ان

⁴⁴ [gal. *Non todo o que reloce é ouro/ Non todo o que cae na rede é peixe/ Non todos son reiseñores os que cantan entre as flores*]

اجتنابِ كرمٍ *porque, o que a min neles me desagradou, preocupeime de evitalo en min mesmo.* De aí tamén se pode entender que esta palabra **ادب** neste lugar máis ben significa bos costumes que erudición.

2.24. دشمنِ عاقلِ به از دوستِ بی عقلِ است.

Inimicus sapiens amico stulto praestat.

Mellor un inimigo sabio que un amigo ignorante.

COMENTARIO: Así din os árabes: عدو عاقل اخير من صديق جا هل.
[*Mellor un inimigo sabio que un amigo ignorante*]⁴⁵.

2.25. دوست را چندان قوت مده که اگر دشمن شود
تواند که جفا کند

Amico nimium potestatis concedere noli: nam si inimicus idem existat, fieri potest, ut malum tibi creet. Non ille deas ó amigo demasiado poder: pois, se se volve inimigo, igual che fai mal.

COMENTARIO: Trata o amigo levando conta de que se pode volver inimigo. Convén que ames sabendo que algún día vas ser odiado. Que non hai palabra que se poida achar máis inimiga da amizade lese en Cicerón⁴⁶.

2.26. گوسفند از برای چوپان نیست بلکه چوپان برای
خدمت اوست

Ovis non est propter pastorem; sed pastor ovi inservit.

A ovella non é para o pastor, é o pastor quen serve á ovella.

COMENTARIO: Constitúense para ben dos seus súbditos as repúblicas e as monarquías, que deben de coidar do seu benestar.

2.27. دروغِ مصلحتِ آمیزِ به از راستِ فتنه انگیز.

Mendacium quod pacem spectat, veritati praestat, quae seditionem excitat.

A mentira que busca a paz é mellor que a verdade que busca a discordia.

⁴⁵ Warner non engadiu tradución ó latín para este refrán árabe, probablemente pola súa coincidencia de significado co seu paralelo persa. Incluíu aquí esta tradución cun agradecemento a Ibrahim Natour, estudante da USC de orixe palestina, que ma proporcionou amablemente.

⁴⁶ Cicerón en *De Amicitia* cap.54: "Atque hoc quidem videre licet, eos qui antea commodis fuerint moribus, imperio, potestate, prosperis rebus immutari, sperni ab iis veteres amicitias, indulgeri novis." É máis coñecida a formulación desta idea que fai Horacio en Épodos 1, 18, 86-87: "Dulcis inexpertis cultura potentis amici; expertus metuit".

COMENTARIO: É esa mesma mentira, que os moralistas chaman “oficiosa” [i.e. piadosa]. **دروغ** *mentira, engano* corresponde ó xermánico *trug*. De aí componse **دروغ کوي** tal como o grego *ψευδολόγος*, posto que os persas forman moitos compostos do mesmo xeito cós gregos. Os gregos din *πυράγρια tenazas* de *πῦρ* e *ἄγρια*: os persas igual **آتشگیر** de **آتش** lume e **گرفتن** *coller*. Os gregos *πολύλαλος moi falador*: os persas **بسیار کوي** de **بسیار** moito e **گفتن** *falar, dicir*. Os gregos din *πολύφαγος voraz* [comellón]: os persas **خور** do mesmo **بسیار** & **خوردن** e *comer*, etc. Pero tamén teñen moitas frases e maneiras de falar os persas, que son usadas polos gregos; incluso tales que para os latinos e para os mesmos xermanos están en uso.

Onde hai que vixiar que, cando destas linguas se traduca algo a persa, non se confundan os xeitos de falar comúns que son propios de cada lingua. Posto que, se o xeito de falar, que é propio só dunha lingua, se usa co mesmo significado noutra, pérdese de todo o sentido. Iso gustárame que lle acordase ó P. Xerónimo Xavier na súa versión da *Historia persa de Cristo*: na que non se preocupa abondo da propiedade de cada lingua cando en certos lugares valora e estima o xenio e natureza da lingua persa dende a latina. Así por exemplo onde escribe, a partir das cousas que introducira, que se pode recoñecer a Cristo abondo, engade:

چنانچه فیل را از نشان پای او بشناسند و شیر را از پنجه

Como se recoñece o elefante pola pegada dos seus pés, e o león polas unllas. É sabido que os gregos e os latinos falan así, con fraseoloxismos: *Ἐκ τῶν ὀνύχων λέοντα γινώσκειν. Coñece-lo león polas unllas.* Pero esta locución é inusitada entre os persas⁴⁷. De aí que nin adiviñando lle sacan un sentido parecido a estas palabras. De xeito que se unha escura frase persa se expresa co mesmo número de palabras latinas, sen dúbida ninguén que coñeza a lingua latina sería quen de darlle coa intención.

2.28. **یکمی را بملطف امیدوار کردن و بازش بنومیدی خسته خاطر کردن**
ککار خردمندان دیست

Bona aliquem spe implere, & postea ἀνέλπιζον eundem, animoque tristem dimittere, prudentibus minime competit.

Non é prudente encher alguén de boas esperanzas e despois deixalo sen elas e triste.

COMENTARIO: Condénase aquí ós *χρεσολόγοι*, que moito prometen e nada aportan. **آمیدوار** propiamente *o que ten esperanza*, *εὐελπιζος*. **نومیدی** dise case como

⁴⁷ Remítome a Shurgaia (2009: 315-316) en relación a esta tradución da *Historia persa de Cristo* do P. Xerónimo Xavier, xa que indica, de acordo con Noorollah Moradi, que non foi realizada sobre o orixinal persa senón sobre unha tradución previa ó portugués, e que por tanto o traballo aquí presentado de Warner sería a primeira tradución feita dende o orixinal persa ó latín. Warner alude a que cada lingua ten mecanismos propios na creación de fraseoloxismos; e non sempre é posible o calco: en galego a fórmula *¡Vaiche boa!* pode significar “hai moito tempo (que aconteceu iso)”, pero se en castelán dicimos ***¡Te va buena!* un falante non galego non entendería que se está a dicir; non é un fraseoloxismo castelán a pesar de que en Galicia poida usarse humoristicamente porque se pensa na fórmula galega que, si, existe.

ناامیدی *ánelpizía* [*desesperanza*]. Aquela partícula ن non se corresponde co grego νή, o que tamén en compostos ten carácter privativo: como nas palabras νημερτής [*infallible*], νήριθμος [*innumerable*], νηλεής [*sen piedade, cruel*] e noutros moitos se pode ver. Así aproveítase tamén o ن nos compostos persas. Así dise ناپاک *impuro* de ن non e پاک *puro*, دان *coñecedor*, نادان *rudo*, etc.

En cambio este ن cambiado en نaise a partir do adverbio de negación común نون *non*. Na oración estes dous non se usan do mesmo modo. Por exemplo se queres dicir en persa *non vos vin*, has dicir, نونم شما *non vos vin*, e se queres dicir, *síntoo, non vos vin*, terías que dicir, نازدا نیدن شما.

2.29. خری زان خری زید خری مرن

Asinus natus est, asinus vixit, asinus mortuus est.

Burro naceu, burro viviu, burro morreu.

[COMENTARIO:] Dise do home, que como di Homero, é ἐτώσιον ἄχθος ἀρούρης [*Il. 18, 104: inútil carga sobre a/da terra*], e non é de proveito nin para si nin para os outros. A quen os persas chaman graciosamente doutro xeito خر با تشدید *burro con "tesdid"*, como dicindo, *burro ó cuadrado*. Pois "tesdid" é unha figura, como indican os gramáticos árabes, que duplica a letra.

2.30. گند هر جنس با هم جنس پرواز کبوتر با کبوتر باز با باز

Similes (avium) species una volitant. Columba cum columba, falco cum falcone (volitat.)

Os paxaros da mesma especie voan xuntos. Pomba con pomba, falcón con falcón.

COMENTARIO: Dise de aqueles, que se deleitan no costume compartido cos seus iguais. Así os gregos: Ἡλιξ ἤλικα τέρπει. ἀεὶ τῷ ὁμοίῳ φίλον τὸ ὅμοιον. ἐγνώκει θῆρ θῆρα. ἀεὶ κολοῖὸς πρὸς κολοῖόν. *Os que son da mesma quinta gústalles estar xuntos. Hai amizade entre as cousas que se parecen, recoñece a besta á besta, sempre anda a gralla detrás da gralla.* Causa que Aristóteles recolle nos Libr. Rhetoric. I cap. 2⁴⁸.

⁴⁸ Esta cita resulta pouco clara. O que Aristóteles aclara neste capítulo é a diferenza entre o siloxismo e o entimema, baseado este último en que, partindo do común a un grupo de poboación, é posible realizar aseveracións de tipo particular. Aristot. Rh. 1.2.11.: οὐδὲ ἡ ῥητορικὴ τὸ καθ' ἕκαστον ἐνδοξον θεωρήσει, οἷον Σωκράτει ἢ Ἰππία, ἀλλὰ τὸ τοιοῦσδι "A retórica tampouco considerará o que é probable respecto a cada un, como con Sócrates ou Hípias, senón o que parece probable en relación a eles como grupo" [Trad. do autor]. Enténdese pois que Warner apunta ás comunidades humanas non só na súa natureza de agrupamento, senón tamén como condicionante da visión de mundo para os individuos que a integran.

2.31. عمل نادشاهان دو طرفت دارد امید نان و بیم جان
و خلاف رای خردمندانست از سخن امید بدان بیم
آفتادن

Iis, qui regibus inserviunt, duo proponuntur: spes victus, & vitae metus: at vero alienum est a sapientibus, propter talem spem, ejusmodi timori velle esse obnoxium.

A aqueles, que serven ós reis, dúas cousas se lles ofrecen: a esperanza do alimento ou o medo de (perder) a vida: pero é alleo ós sabios querer-se atar por tal esperanza ou por semellante temor.

COMENTARIO: En vez de بادشاه dise شاه *rei*, que é a voz usada popularmente no xogo do xadrez. Ó que se lle adoita engadi-la palabra مات que tamén é persa, e que significa *perplexo*. Nin tampouco o árabe مات *morreu*, como queren outros, nin outra palabra similar debe de aplicarse aquí, posto que, se só se debe de atender ó parecido das palabras, que hai en contra de que servise tamén o xermánico *mat*, ou o grego μάταιος, ou incluso, o italiano *matto* que ven de aí? A verdade é que a orixe dese xogo, tal e como é e esta mesma palabra débemoslla ós persas. Pois é شاه مات *scah mat, o rei perplexo, turbado*, que non sabe para onde debe tirar. E estas palabras úsanas os árabes mesmos no xogo das damas tamén como estranxeiras e inexplicables en árabe. Lese así na historia, que o famosísimo Erpenio⁴⁹, incansable promotor da literatura oriental, introduciu unha Sarracénica⁵⁰, páx. 129. (esta cita suxeriuma un home ilustre, o gran patrono meu Claudio Salmasio) قد لاح لي علي ككوثر شاء مات O que a miña fonte traduce, *aparéceseme xa contra Cútero un touro salvaxe e moribundo*. Pero hai que traducilo: *aparéceseme xa contra Cútero o Schah mat* [i.e. xaque mate]. Isto é, xa teño o seu rei acantoado.

2.32. رزکی اگر چه مقسوم است اما باسباب آن تعلیف
شرط است

Victus quidem destinatus est (caelitus); sed ea lege, ut comparando ei opera impendatur.

Está destinado o alimento do ceo, pero segundo a lei de que comparando as obras da vida se lle distribúa.

⁴⁹ Vid. nota 26.

⁵⁰ O relato resulta incompreensible se non se leu o anterior: "Cumque die quodam ipse cum Cutero latrunculis luderet, & Tahero Bagdadum obsidente, bellum durissimum esset, dixit ei quidam familiarium ejus: O Imperator fidelium, non nunc tempus ludendi, surge, & rationem habe negotij tui. At ille respondit: Sine me: jam enim mihi apparuit contra Cuterum taurus silvestris, moriturus." (Erpenius 1625:129) *Un día cando xogaba con Cútero ó xadrez, mentras Tahero asediaba Bagdad e a guerra estaba no seu momento máis duro, díxolle un dos seus escravos: "Oh emperador dos fieis, non é agora o tempo de xogar; érquete, e rende contas da túa responsabilidade". E el respondeu: "Sen que eu fixese nada, *aparéceuseme xa contra Cútero o xaque mate"* [Tradución do autor introducindo a corrección de Warner].

2.33. لعل سنگ آست وريك صحرا سنگ ليك اندر ميان
تفاوت هست

Rubinus lapis est, & arena campi lapis est; sed differentia inter eos (lapides) est.

O rubí é pedra, e a area do campo é pedra, pero entre eles hai diferenza.

COMENTARIO: لعل é o mesmo que ليك pero, en cambio. هست significa o mesmo que آست. Correspóndese ó hebreo *est*, alemán *ist*.

هست denota *ente, algunha cousa*. Así lese en يوسف زليخا e noutro lugar por todas partes, que Deus creou ازديستي هستي *a partir de ningún ente (da nada) algo*.

2.34. جهان اي برادر دماوند بکسي دل اندر جهان
افزين بند وديس

Mundus, o frater, nemini perpetuus est: Cor ad mundi creatorem applica, et hoc sufficit.

O mundo non é eterno para ninguén: Achega o teu corazón a Deus, e iso xa abonda.

COMENTARIO: برادر como o grego antigo *φρατήρ*, o alemán *bruder*. Desta maneira pódense agrupar tamén outros nomes de parentesco nestas linguas. Como پدر en grego *πατήρ*, en alemán *vatter*. دختر en grego *θυγάτηρ*, en xermánico *dochter*. Polo demais a palabra برادر *irmán* úsana moito os persas no mesmo sentido que os gregos *φίλος*.

2.35. که ند بیند بروز شب در چشم افتاب را چه کناه

Quae culpa est solis, quo minus vespertilio de die videat [?].

Que culpa ten o sol de que o morcego non vexa de día?

COMENTARIO: Ninguén, ó que lle vaian mal as cousas, debe botarlle as culpas da súa mala sorte ós demais, que non teñen culpa ningunha. A palabra چشم *ollo* ten uns usos particulares na lingua persa. Así cando a alguén se lle dá algunha cousa coa orde de dicir que a vai coidar con ganas, responde apropiadamente *با چشم con ollo*. چشم دیگر دارم *non vén ó ollo meu*, isto é, non me opoño a isto. چشم من نمیاید *teño outro ollo*, isto é, ando a outra cousa, etc.

2.36. درسم درسي بکعبه اي اعرابي کين راه که تو ميروي
تورکستان آست

Vereor, o Arabs, ut Cabum venias; quia illa qua incedis via ad Turcistan ducit.

Témome, árabe, que vaías ó Cabo: porque ese camiño que comezas leva ó Turquistán.

COMENTARIO: Dise de aqueles, que van de curios⁵¹ e viven como bacantes. O sentido enténdese ben dende aquilo que se engade en کلتسار [Golestan] que pon este proverbio que di así:

زاهدی مهمان بادشاهی بود چون بطعام بندشستند
کمتر از آن خورد که عادت او بود چون بنماز برخواستند
بیشتر از آن گذارن که ارادت او بود تا ظن صلاحیت
در حق وی زیادت کند

Un home piadoso invitado nunha ocasión polo rei a un banquete, cando se servían, el comía menos do habitual: cando se puñan a rezar, el alongaba as oracións máis do que realmente lle apetecía; para xerar unha maior impresión de home bo, etc.

2.37. ندیدانم راحتِ جانم

Dicere nescio, est tranquillitas animae meae.

(Se) non o sei dicir, estou tranquilo.

COMENTARIO: Non temos que dar ningunha razón do que non sabemos: de aí a paz do espírito, de aí que gocemos de tranquilidade.

2.38. با یک گل بهار همیشه

Una rosa non facit ver.

Unha soa rosa non fai primavera.

[COMENTARIO:] Como os gregos: μία χηλιδών εαρ ου ποιει⁵². *Unha anduriña non fai primavera.*

2.39. اندکی اندکی جمع کردن دریا میشود

Parum parvo additum, mare evadit.

Un pouco e outro pouco fan un mar.

⁵¹ Manio Curio Dentato, finado no 270 a. de C., foi coñecido polos seus moitos servizos á República Romana, así como pola súa frugalidade, firmeza e rectitude. De aí, por antonomasia, que se coñeza como *curios* ós homes “de disciplina antiga e severa” (*Lexicon Totius Latinitatis*: s.v. Curius -ii)

⁵² Karagiorgos (1999), referíndose á obra de Erasmo de Rotterdam *Adagiorum Collectanea*, indica en relación con este proverbio: “This explains the phenomenon of ancient Greek proverbs commonly found in many European languages. The ancient Greek proverb Μία χηλιδών εαρ ου ποιει, for instance, rendered in Latin is *Una hirundo non efficit ver*; in Italian, *Una rondine non fa primavera*; in French, *Une hirondelle ne fait pas le printemps*; in Spanish, *Una golondrina no hace verano*; in German, *Eine Schwalbe macht keinen Sommer*; in English, *One swallow does not make a summer*. Naturally, to such proverbs many others were gradually added, created by the people of each nation.” Resulta obvio que Levin, cando escribe estas liñas, ten como fonte a obra de Erasmo.

2.40. دنیا گردیدن به از دنیا خوردن

Mundum perambulare satius est, quam mundum devorare.

Presta máis percorre-lo mundo que devora-lo mundo.

COMENTARIO: É mellor percorre-los espacios do mundo que deixar pasa-lo tempo na casa ocupado no luxo e os praceres mundanos. A palabra دنیا tómase primeiramente pola *harmonía do universo*: despois polas *riquezas* e os *praceres mundanos*.

2.41. کسی که دنیا را کرده است به خرس می نماید

Qui mundum non perlustravit, urso assimilatur.

Quen non deu a volta ó mundo, parécese ó oso.

COMENTARIO: Os turcos din: چوق باشین چوق بیلمز چوق کزن
چوق بیلمز *Non sabe moito aquel que é maior, senón sabe moito aquel que saíu da súa patria.*

2.42. اندکی جمال به از بسیاری مان

Modica pulchritudo multis opibus praestat.

Unha pouca beleza é mellor que moitas riquezas.

COMENTARIO: Aristóteles en Dióxenes Laercio: τὸ κάλλος παντὸς ὀπιστολίου συστατικώτερον⁵³. [*Máis que ningunha riqueza é a beleza a mellor compañeira*].

2.43. هر چیز طلب کنی نیابی روی از طلبش چو بر نتایی

Quam rem quaesiveris, invenies: dummodo quaerere eam non desistas.

O que buscas, toparalo: sempre que non deixes de buscalo.

2.44. تا مرد سخن نگفته باشند عین و هنرش نهفته باشد

Quamdiu aliquis nullum verbum prolocutus est, dedecus & decus eius ignorantur.

Mentres que alguén non di unha palabra, tanto a súa dignidade como a súa deshonra ignóranse.

COMENTARIO: As palabras dun home á vez indican e ocultan os seus costumes.

2.45. کسی که از کرک میترسد گوسفند نگاه نمیدارد

Qui lupum timet, ovem non custodit.

⁵³ Diog. Laerc. 5, 18.

Quen lle ten medo ó lobo, non garda a ovella.

COMENTARIO: Ὁ μισθωτὸς δὲ, καὶ οὐκ ὦν ποιμὴν, οὐ οὐκ εἰσὶ τὰ πρόβατα ἴδια, θεωρεῖ τὸν λύκον ἐρχόμενον, καὶ ἀφίησι τὰ πρόβατα, καὶ φεύγει.⁵⁴ Xo. c. 10 [*O empregado, que non é o pastor dono das ovellas, cando ve vi-lo lobo, déixaas e foxe*].

2.46. هز بيشه کمان مير که خاليست شايه که بلنک
خفته باش

Noli existimare sylvam esse vacuum: forte tigris in ea latitet.

Non penses que o bosque está baleiro: igual hai tigres escondidos.

COMENTARIO: Sería quen de crelo se fose a mesma a intención destoutro proverbio que é grego, ὑπὸ παντὶ λίθῳ δρακίῳν καθεύδει *baixo cada pedra dorme unha serpe*; se non en کلاستان [*Golestan*] o vise encaixar mellor noutro sentido.

2.47. این بار بگردن توستی امروز بیز یا فردا

Onus hoc cervici tuae incumbit: hodie illud tolle aut cras.

Esta carga que levas ás costas: quítala hoxe ou mañá.

COMENTARIO: بار como o grego βᾶρος *carga, peso*. توستی en vez do que entre os poetas tamén aparece como تستی escribese de maneira íntegra تو استی é *teu*, de تو ti, e استی é *é*. بیز ten engadida unha marca de imperativo ب posto que o simple بیز significa *castor* [fiber-ri], en alemán *biber*, que é claramente congruente co persa, بر é en cambio *levado* [ferro] de بردن *levar, transportar* [ferre], o que está en harmonía co alemán *burde* [carga]. De aí aquel xeito vulgar de falar entre os persas: خدا برد *a onde leva Deus?* isto é: Onde vas? Desta palabra tamén بیغام se compón aquela palabra بیغامبر *profeta*, como dicindo o que trae a noticia. کم ویره حقون خبر *o que da a noticia de Deus*, como os turcos o explican.

2.48. چراغی را که آیزد بر فروزند هر آنکس نوب کند ریشش
بسوزد.

Quicumque extinguit lucernam illam quam Deus accendit, ejus barba comburitur.

A quen apaga o facho que acendeu Deus quéimaselle a barba.

COMENTARIO: آیزد e بردن *Deus*. O nome común é خدا que se corresponde co alemán *gott*. هو tamén para os persas e para outros orientais indica a Deus. Adoitan colocar esta única palabra á parte na fronte das letras. E a habitual fórmula یا هو *oh Deus* adóitana desenvolver. Con todo ese هو *é* sen dúbida o pronome árabe *aquel, ese*.

⁵⁴ Xo. 10, 12.

De certo que os cabalistas engaden o **יהוה** ós atributos de Deus. Hainos que afirman que se pode probar dende a Sagrada Escritura, que o pronome **יהוה** debería de se introducir no catálogo dos nomes divinos; o que contra Capnión nega o moi nobre señor Poliandro de Kerchoven na súa disputa anticreliana⁵⁵.

2.49. جو از قومي يكي بيدانشي كړن نه كه را منزلتن
ماند نه مه را

Cum ex populo unus delinquit, nec parvo locus relinquitur, nec magno (maximus minimus luit.)

Cando un do pobo comete un delito, nin hai solución para o máis pequeno nin para o máis grande (has pagar sexas pequeno ou grande)

COMENTARIO: Πολλάκι καὶ ξύμπασα πόλις κακοῦ ἀνδρὸς ἐπαυρεῖ [*Moitas veces toda unha cidade paga por un home malo*]. Da **كهتر** fórmasse o comparativo **كهتر** “menor, inferior”; posto que **قر** forma os comparativos entre os persas, como **τερος** entre os gregos. De **مهتر** fórmasse **مهتر** “maior, máis forte”; e simplemente **δινάστης** ou señor. É esa mesma voz da que se forma o termo Mitra, que indicaba o Sol entre os persas, como a derivaron os grandes homes Xosé Scaligero⁵⁶ e Xerardo Xoán Vosio⁵⁷.

2.50. زنده است نام فرخ نوشیروان بخیر کر چه بسی
گذشت که نوشیروان ماند

Viget nomen excellens Neuschirwani, quamvis diu sit, quod amplius non sit superstes.

Vive aínda o nome famoso de Neusquirvano, aínda que hai moito tempo xa que el non vive.

COMENTARIO: Os turcos din: **ار الور ان قلور** *morre o home, pero o seu nome sobrevívelle*. **گر** escribese completo **اگر** *se* [condicional]: a miúdo ponse unha única letra **ر** en lugar de **اگر**, e xúntase con outras letras que tamén se escriben en vez das

⁵⁵ Trátase probablemente da seguinte obra de Johanes Polyander a Kerchoven, teólogo holandés da reforma, publicada en Leiden en 1645: *De essentiali Jesu Christi existentia, ac gloria Divina, quam cum Deo Patre suo habuit ab aeterno, concertatio, decem Disputationibus contra Johannem Crellium comprehensa*. [Disputa, reducida a dez puntos de discusión contra Xoán Crelio, sobre a existencia esencial de Xesucristo e sobre a súa gloria divina, que dende todo tempo comparte con Deus o seu pai]. Nesta obra, que lamentablemente non é posible consultar en rede, oponse Poliandro ós principios defendidos por Johannes Crellius, un dos dirixentes da irmandade sociniana (*Allgemeine Deutsche Biographie*: s.v. Crell, Johann). Esta irmandade, de orixe polaca, caracterizábase polo seu antitrinitarismo e entendemento de Deus pai como a única persoa existente (*Biographisch woordenboek der Nederlanden*: s.v. Johanne Polyander).

⁵⁶ *Josephus Justus Scaliger* (1540-1609): Importantísimo erudito da súa época; a súa obra *De emendatione temporum* supuxo a introdución no estudo da historia das cronoloxías exipcia, babilónica e persa como narrativas históricas aparte, posuidoras dun interese intrínseco. Os seus últimos anos transcuriron estando ligado á universidade de Leiden, á que doou a súa coñecida colección de manuscritos e libros. (*Encyclopaedia Britannica*: s.v. Joseph Justus Scaliger)

⁵⁷ *Gerardus Vossius* (1577-1649): Filólogo e teólogo; director da facultade de teoloxía de Leiden de 1614 a 1619. Un dos primeiros en trata-los dogmas teolóxicos e as relixións pagás dende unha perspectiva histórica. (*Encyclopaedia Britannica*: s.v. Gerardus Vossius)

palabras completas. Así **وَرْت** ten o mesmo sentido que **واكر مين** e *se eu*. **وَرْت** ten o mesmo sentido que **واكر تو** e *se ti*. Nada hai máis frecuente ca que as dúas letras **م** e **ت** se usen en lugar de **مِن** e **تُو**. Así **پدرم** *o meu pai*, en vez de **پدر من**. **پدر تو** *o teu pai*, en vez de **پدر تو**. **پدرش** *O pai del* co engadido de **ش** dise cumpridamente. O **ش** únese tamén a conxuncións e pronomes: como **كش**, que se constrúe con **ك** e **ش**. (Constrúese tamén) **منش** de **مِن** e **ش**, etc. O **م** en cambio non sempre é de **مِن** *eu*, mentres que se pon para a primeira persoa **ام** *son*, como **من انا** *eu son aquel*.

2.51. **وزرا بسر مثال اطبا اند و طبيهـ داري ندهد جز سقيم را**

Consilarii sunt instar medicorum: medicus autem non dat medicinam nisi aegroto.

Os que dan consellos son coma os médicos: pero o médico non dá medicina se non estás enfermo.

COMENTARIO: Así respondeu Neusquirvano, cando para decidir un negocio se pediu en primeiro lugar a opinión del, xa que adiantaba ó resto de conselleiros en prudencia e autoridade. E engadiu:

چون ميديتم كه راي شما بر صوابست مرا بر سر آن گفتن نشاييد
Como parece que se aproba a vosa decisión non fai falla que engada palabra ningunha.

2.52. **اذر بمرن عدو جاي شان مادي نيست كه زندگاني ما ديز جاواناني نبست**

Quando moritur inimicus (meus) non ideo hilari ego sum animo: nam nec mea vita aeternum durat.

Cando morre un inimigo non me poño contento porque tampouco a miña vida dura eternamente.

COMENTARIO: E estas son as palabras de Neusquirvano, que engadiu ás precedentes.

**يكي مرده پيش نوشيروان عادل آورد كه
فلان دشمن در خدای تعالی بر داشت
گفت هيچ شنيدني كه مرا خواهد گذشت**

Cando se lle anunciou a Neusquirvano que o Deus mellor e máis grande levará consigo un certo inimigo del, comentou: "E quen che dixo que me vai deixar a min aquí?"

2.53. امروز بکش که می توان کشت کاتش چو بلند
شد جهان بسوخت

Hodie occidito, quem occidere potes; ignis enim cum convalescit, mundum comburit.

Hoxe has matar a quen podes matar; pois o lume, cando colle forza, consome o mundo.

2.54. دروغ گوی روی همیاه راست گوی روی سفید

Qui mentitur faciem habet nigram: qui vera dicit, albam.

Quen mente ten a cara negra; quen di a verdade, branca.

COMENTARIO: Así os árabes: الكذاب دایما وجهه اسود *Os mentireiros teñen sempre a cara escura.*

2.55. نیک باش و بدت گویند خلف به که بد باشی و نیک
فند آرند

Ut bene agas, & male de te loquantur homines, praestat, quam si male agas, & bene de te existiment.

É mellor que obres ben e fale mal de ti a xente que obres mal e te xulguen ben.

2.56. تا ندهی نستانی

Quamdiu nihil das nihil accipis.

Mentres non dás nada, nada recibes.

2.57. فریاد سگ به سایل نقصان ندارند

Canis latrans mendicanti haud nocet.

O can ladrador non fai dano ó mendigo.

COMENTARIO: Xeitosamente din os turcos: ان هورر کاروان کچر *O can ladra, pero as caravanas pasan.* É dicir, por que van agarda-las caravanas, esa gran turba de mercaderes, polo can que ladra? Que non lles vai facer dano é cousa sabida.

2.58. اب در یک جای استان میکنند

Aqua, quae uno loco stat, foetet.

A auga que está parada no sitio apodrenta.

COMENTARIO: استان estar de pé, que os gregos din ἵστάναι ou ἵστασθαι. E a esta palabra hai que engadirlle o ستان que xunto con outras palabras adoita indicar lugar como بیمارستان *hospital* ou کلهستان *rosal*, etc.

2.59. **چون اقای مستی دشور بز دکشد**

Cum dominus ebrius non est, caprum haud mactat (occidit).

Cando o señor non está bébedo, non mata a cabra.

COMENTARIO: چون اقای بی cando, asimismo calidade, como naquilo: چون اقای بی چون در ایمن چون *Cando aquel que non ten calidade nestas calidades, etc.*

منزه زلیخا. O autor entende Deus, que ten unha esencia que é como ἀνεξίτηλον, é dicir simplicísima, e describea así:

زبام آسمان تا مرکز خاک اکر صد ره بیابی
وهم وادراک
فرون آیند یا دلا شتابند ز حکمش زره بیرون دیارند
منزه نانش از چونی وچندی مبرانر زبستی وبلندی

Aínda que atopases os cen camiños que dende o ceo (baixan) ó centro da terra, polos que poida descende-la forza do enxeño e do intelecto, e te apresurases despois a subir, non entenderías⁵⁸ nin o menor anaco da sabedoría de Deus. Non hai lugar na súa esencia para a calidade ou a cantidade; está libre de toda profundidade e altitude.

2.60. **بھی کہ در خاک تندرستانرا دفن کردن وزخم**
خوره: درن

Saepe numero qui sani erant, sepeliuntur: & qui vulneratus, non moritur.

A miúdo entérrase ós que estaban sans; e o que estaba ferido non morre.

COMENTARIO: سان تندرست san, componse de **تن** *corpo* e **رست** *recto*: como dicindo, *corpo sen dano e ben constituído*. **دن** *corpo* a miúdo úsase en lugar do home enteiro: igualmente adóitase usar **دغس** *alma* entre os orientais co mesmo sentido. Afín é asimesmo a seguinte sentenza:

روز شد او بمرن و بیامبار بزبستی شخصی همد شب بر
سر بیمار گریست چون *Con frecuencia tópase morto a quen durante toda a noite se estivo lamentando xunto ó enfermo; e con vida, en cambio, o enfermo.*

2.61. **بزرگش بخوانند اهل خرن که نام بزرگان بزشتی**
برن

Magnum eum haud vocant prudentes, qui magnatum nomina traducit.

⁵⁸ O orixinal indica "percipiat". Dado que a frase, así, é incompreensible, foi necesario entender aquí unha errata, corrixindo con "percipias".

Os prudentes non chaman grande a quen despreza o nome dos que fixeron grandes cousas.

COMENTARIO: Por isto xulgan verdadeiramente magno os persas a Alexandre, porque dos reis que o antecederon sempre adoitara falar facéndolles honra.

اسکندر رومي را پرسيدند
که ديار مغرب و مشرق را بچه کرفتني گفت بعون خدای
تعالی هر هملکت را که بکرفتيم رعيتش را ديارند
باد شاهان پيشين جو به نيکي خبردم

Cando lle preguntaron a Alexandre Romeo [o romano]⁵⁹ como subxugara tanto Occidente como Oriente, respondeu: “Coa axuda de Deus o mellor e máis grande ós súbditos dos reinos que conquistei non lles fixen mal; dos reis que me precederon só falei ben”.

A verdade é que dificilmente é crible que Alexandre dixese nunca que conquistase coa axuda de Deus esas rexións do mundo. O certo é que nas historias que se escriben sobre os ditos e feitos de Alexandre non fai mención ningunha del. Pero este é o costume dos musulmáns, que ora no relixioso ora no profano engaden moitas cousas que se afastan tremendamente da historia verdadeira. Deste xénero son aquelas, que contan como ditos de Xesús⁶⁰.

قال عيسى بن مريم عليه السلام طالبا الدنيا
كشارب ماء البحر كلما اذنان شربا اذنان عطشا فلا
يزال يشرب الي ان يهلك

Dixo Xesús, para quen haxa paz, o fillo de María: “Quen cobiza as riquezas, é parecido a aquel, que bebe a auga do mar: canto máis bebe, máis sede ten; nin deixa de beber, ata que morre”.

⁵⁹ O texto persa orixinal denomina a Alexander o “rumi”, termo xenérico usado no mundo islámico tanto para os gregos bizantinos como para as minorías gregas baixo o Imperio Otomano. Usouse tamén no caso do sultanato selxúcida en Anatolia, que polo espazo que ocupaba foi denominado “sultanato de Rûm”. Levin tradúceo como “romaeus” pero quizais fora máis acertado un simple “graecus” (o grego).

⁶⁰ Unha das achegas máis interesantes desta obra son estes catro pequenos relatos en árabe protagonizados por Xesús. Warner non aclara a súa orixe e Shurgaia tampouco comenta esta cuestión. Constitúen unha das partes da obra que xerou un interese duradeiro. O texto latino foi recollido, semella que en primeiro lugar, por Fabricio, en 1708 (169-170) e 1719 (394-395), e, posteriormente, por Jones (1798: 469-471), que engade unha tradución ó inglés. Entre ambas datas, Toland (1718: 20) só fai referencia á publicación por parte de Warner, apuntando á súa posible orixe nos evanxeos apócrifos. Lamentablemente non fun quen de atopar outras referencias. En todo caso, polo carácter e a lonxitude, estes *agrapha* teñen moito en común cos publicados por Monferrer Sala (1999), que non obstante non semella ter noticia dos que aquí presentamos. A súa introdución na obra por parte de Warner é coherente co interese que amosa pola perspectiva que sobre Cristo está presente na relixión musulmá. O ano anterior publicara o seu *Compendium Historicum eorum quae Muhammedani de Christo et praecipuis aliquot religionis Christianae capitibus tradiderunt* (“Compendio histórico do que os Mahometanos recollen por tradición sobre Cristo e sobre outros elementos principais da relixión cristiá”) (Warner 1643) sobre esta mesma cuestión.

قال عيسى ابن مريم عليه السلام ليحيى ابن زكريا
عليهما السلام اذا نكرتك رجل بشي وقال فيك صحيبا
فاشكر وان قال كذبا فازن في الشكر فانه يزيد
في ديوان ملك وانت مستريح يعني ان حسنة تكتب
لك في ديوانك

Díxolle Xesús, o fillo de María, a Xoán o fillo de Zacarías: “Cando alguén lembrándote di a verdade, louva a Deus; pero, se o que di son mentiras, louva máis a Deus: medrará a túa obra (boa) no cómputo das túas obras, e iso sen traballo teu ningún, isto é, as boas obras daquel quedarán no teu cómputo”.

رأى عيسى ابن مريم عم الدنيا في بعض مكان
شفاقة وهي على صورة عجوز هرمة فقال لها كم لك بعل
فقال لا يحصون كثرة فقال ما هذا وطلعتي وقالت بل
انا قتلتهم واقببتهم وقال عجباً لهؤلاء الحقاء الاخرين
الذين يشاهدون ما بسواهم صنعت وهم فيك يرغبون
وبغيرهم لا يعتبرون

A Xesús b. m. [de feliz memoria] nunha ocasión aparecéuselle o mundo en forma de vella decrépita: E el preguntalle, “¿Cantos maridos tiveches?” Ela responde que tivera xa moitos, que xa non os podía contar. “Entón eles morreron e deixáronte?”, di Xesús. Ela responde “Non só iso: mateinos e saqueinos de diante”. Daquela Xesús dille, “Pois chama a atención que sexan tan parvos que, vendo como tráta-los outros, ardan de amor por ti, e non escarmenten na cabeza deles”.

كان في زمان عيسى ثلاثة سائرين في طريق
فوجدوا كنزاً فقالوا قد جعنا فليأخذ منا ويتبع
لنا طعاماً فمضى أحدهم لياتهم بطعام فقال الصواب ان
أجعل لهما في الطعام سما قاذلاً لياكل منه فيموتوا وأنفروا
بالكنز دونهما ففعل ذلك وسهم الطعام وانفج للرجلان
الاخران ادتهما اذا وصل اليهما بالطعام قتلا؛ وأنفروا
بالكنز دونة فلما وصل اليهما بالطعام المسموم قتلاه
واكلوا الطعام المسموم فماتوا فاجتاز عيسى عم بذلك
الموضع ومع الحواريون فقال هذه الدنيا فانظروا كيف
صنعت بهذه الثلاثة وبقيت بعدهم ويل لطالب الدنيا من
الدنيا

No tempo de Xesús ían tres camiñando que atoparon un tesouro. E dixeron: “Estamos esfameados, por iso un de nós marchará e mercará comida para os tres”. Aquel que ía para traer comida, dixo argallando: “Voulle poñer veneno á comida, para que, cando a coman, morran, e o tesouro será para min só”. Meu dito, meu feito: mesturou o veneno coa comida. Pero os outros dous tamén acordaran entre eles que, cando trouxese a comida,

matariáno, para gozaren só eles do tesouro. Entón, cando el trouxo a comida envelenada, matárono. E estes, en comendo a comida envelenada, morreron (no instante). Nisto pasa Xesús cos seus apóstolos e di: "Esta é a condición do mundo! Mirade como tratou a estes tres, e aínda así despois deles persevera no seu estado. Ai daquel que busca [gañar] o mundo polo mundo [i.e. por medios terrenais]!".

2.62. جون كركي نره زميش بر بون فريان چويان كجا كند
نسون

Quando lupus agnum abstulit, quid tum juvat pastoris clamor?

Cando o lobo xa levou o año, para que serven os berros do pastor?

COMENTARIO: Os árabes din: انتبه الكلب من بعد النهب *espertou o can cando xa estaba o roubo feito.*

2.63. افتاب برابد چراغ فرو رون

Cum sol oritur, lucerna exstinguitur.

Cando sae o sol, apágase o candil.

COMENTARIO: A lumieira pequena apágaa a grande. O sentido do proverbio enténdese á primeira.

2.64. از آن گز تو ترسد درسي

Illum a quo metueris, metue.

Teme a aquel que te teme.

COMENTARIO: Fai falta que aqueles que queiran ser temidos teman tamén a aqueles que os temen.

2.65. حو نام سكي بري چوي بدست كير كه چون هو
هو كند دي بر دهانش

Quando canis mentionem facis, baculum corripe; ut cum hau hau sonat, (latrare incipit) os ejus petas.

Cando ménte-lo can colle o pau; para que cando soe o uau uau, (empece a ladrar) lle deas na boca.

COMENTARIO: Úsase o proverbio cando se fai mención dun home malo, e este intervéen de improviso. Os árabes dino así: أنا ذكرت الذئب هي له قضيبا *Cando ménte-lo can, prepáralle o pau.*

2.66. اقرار ايمان است

Pactum, fides est.

O acordado é obriga⁶¹.

2.67. زن بد در سراي مرد نكو هم درجن عالمست
دوزخ او

Mala mulier in aedibus viri boni, infernus eius in hoc mundo est.

Muller mala en casa de home bo é o inferno del neste mundo.

COMENTARIO: *سراي* é a casa pero a espazosa e espallada: deste modo distínguese de *خانه*, que indica *a casa* en xeral. Desta palabra dinse *كاروانسرائي* os amplos aloxamentos públicos en que os caravaneiros, os mercadores que percorren o Oriente, adoitan deterse.

2.68. تو مردی وصبر نداری

Tu vir es & patientia cares?

E ti es un home e non aguantas?⁶²

2.69. چرا عاقل کند کاری که باز آن پشیمانی

Cur sapiens aliquid perpetrat, cujus postea eum poeniteat?

Por que un sabio fai algo do que depois se poida arrepentir?

2.70. کسی نه بیند که دشمنکار حجاز بر لب آب شور
کرن آید هر کجا چسبده بون شربین مردم و مرغ
ومور کرن آیند

Nemo sitiens coire videt ad ripam salsae aquae: sed ad fontem qui dulcem promit aquam, homines, aves, & formicae congregantur.

Ninguén ve os sedentos xuntarse á beira da auga salgada: é onda a fonte que dá auga doce onde se axuntan homes, paxaros e formigas.

COMENTARIO: As cousas mellores prefírense ás peores. *لب* significa propiamente *beizo*, en xermánico *lippe*: polo parecido indica tanto a ribeira como a beira do río. Tal como o hebreo *שפה* o grego *χεῖλος* e *labium* (beizo) indican e poden ter sentido de “beira”. Como Homero naquilo onde di *Ιλιαδ. μ. μάλα δὲ χρεμέτιζον ἐπ’ ἄκρω χεῖλει ἐφεστάτες*⁶³.
Moito rinchaban en pé no máis alto da beira. *چشمه* é fonte, asimesmo *ollo*, se se lle

⁶¹ Este principio é común a moitas sociedades. Na sociedade galega é visible por exemplo nas feiras de gando, en que é de estrito cumprimento. De feito dise: *A palabra é un documento.*

⁶² [gal. *Un home é un home! / Un home non chora!*]

⁶³ Il. 12, 51s.

quita a última letra **ع**: ó xeito da **ע** dos hebreos e árabes que significa tanto *fonte* como *ollo*. **مور** *formiga* soa como o belga *mier*. En grego κατά ἀναδιπλασιασμὸν [por reduplicación] dise μύρμηξ.

2.71. امروز دنیا است فردا قیامت

Hodie mundus durat, cras novissimus dies (instat).

Hoxe o mundo aguanta, pero mañá (vén) o último día.

COMENTARIO: Os homes deben controla-las súas accións como se fosen render contas delas o último día.

2.72. دینم که بسی آب ز سر چشمه خورک چون پیشتر

آمد شتر و بار ببرد

Saepe aquam scaturientem exiguam vidi, quae deinceps aucta camelum cum onere portarit.

Máis dunha vez vin un chorrío escaso de auga que despois, abundante, o camelo levaba con esforzo.

COMENTARIO: Non hai que menospreza-lo inimigo, por moi pequeno e humilde que sexa: ás veces, pode coller forza.

2.73. فرصتی غنیمتی آمدی

Occasio est lucrum.

Na ocasión está a ganancia.⁶⁴

COMENTARIO: A vantaxe que a fortuna ofrece hai que considerala un beneficio, posto que de fronte ten pelo, pero por detrás é calva.

2.74. نام نیک رفتگان ضایع مکن تا بماند نیکان
بیا کار

Honestam defunctorum famam noli laedere, ut & nominis tui memoria maneat.

Non danes a memoria honrada dos defuntos, para que tamén a memoria do teu nome permaneza.

COMENTARIO: **نام** *nome*, correspóndese ó neerlandés *naam*. **رفتگان** literalmente *os que marcharon*, isto é, os que están mortos. Así **رفت** *marchou*, equivale á frase dos latinos, *ad plures abiit* [marchou para onda a maioría, i.e. faleceu].

⁶⁴ [cast. *A la ocasión la pintan calva / El tiempo es oro*]

2.75. هر سو دون اندکس زير خویش براند وانرا که بخواند
بدر کسی ندواند

Undique & undique vagatur ille, quem (Deus) a se arcet: at quem accersit, ad fores alterius non abigit.

Por todas partes e por tódolos sitios anda errante aquel a quen (Deus) aparta de si: pero a aquel a quen chama non o vai axotar ás portas doutro.

COMENTARIO: Estas palabras, que expresan o froito do odio e da graza de Deus, en کلهستان [Golestan] van adxuntas a isto que segue:

یتیمی از یاد شاهان پارسایی را دید گفت - هیجست
ازمن یاد می اید گفت بلی هر که از خدای تعالی
قراموش میکنم ترا یاد می آرم

Un rei, ó ver un relixioso, preguntoulle se algunha vez se acordaba del. "Acordo, ho," dixo o outro, "Cada vez que me esquezo de Deus o máis grande, adóitome acordar de ti".

2.76. خانه دوستان بروی و در دشمنان مکوب

Aedes amicorum scopis purga: at inimicorum fores ne pulsa quidem.

A casa dos amigos límpaa con vasoiras: pero á porta dos inimigos nin petes.

2.77. هر که قام نیک را باشد هر چه خواهد در نکان
شاید خرید

Is qui honestae est existimationis, quicquid vult, in officinis comparare potest.

Aquel que é de honrada estima, o que queira, pódeo mercar nos talleres.

2.78. خفته را خفته کی کند بیدار

Dormientem dormiens quando excitat?

O que dorme cando esperta ó que dorme?

COMENTARIO: Un cego non pode levar outro cego. Quen non ten consellos para si mesmo, ós outros non llelos pode dar.

2.79. چو مرگی خر بون سک را عروسی

Quando asinus moritur, canis nuptias celebrat.

Cando un burro morre, o can celebra unha voda.

COMENTARIO: Dise dos que na morte doutro adoitan encherse de esperanza.

- 2.80. چو منعم گند سغله را روزگار
دهد بر دل تنگ درویش بار
چو بام بلندش بود خود پرست
گند بول و خاشاکی در بام بست

Quando fortuna humilem exaltat, tum pauperi afflicto (arcti cordis) onus imponit. Cum tectum ejus qui seipsum extollit, altius erigitur, ipse urinam & spinas mittit in domum depressiorem.

Cando a fortuna está co humilde, entón imponse un peso ó pobre afrixido (de corazón apretado). O que se louva a si mesmo, cando o teito del se eleva, el mesmo manda ouriños e espiñas contra a casa máis baixa.

COMENTARIO: *خون پرست* que se adora a si mesmo, igual que *خون بین* o que se contempla a si mesmo, quen se comprace en si mesmo en exceso, e quen case se adora a si mesmo. Así dise *خدا پرست* que adora a Deus, *بت پرست* idólatra. E dise que adora o viño o que lle gusta que o reguen con viño. Como naquelo do excelentísimo poeta Haphis⁶⁵:

ساقی بشراب کبیر دستم
پر کن قدحی که می پرستم

Ei, copeiro! Dáme viño: enche a copa que o viño adoro.

- 2.81. شمشیر که صیقل درزند رنک برآرد

Gladius qui non politur, rubiginem contrahit.

A espada que non se abrillanta, colle ferruxe.

- 2.82. تو در خانه خون من در خانه خون

Tu in domo tua, ego in domo mea sum.

Ti na túa casa; eu, na miña.

COMENTARIO: Hai que evitar en todos a indiscreción. A culpa é de quen se mestura nun asunto que non lle toca.

- 2.83. بر عجز دشمن رحمت مکن که اگر قادر شوی
بر تو رحمت نکند

Noli misereri hostis invalidi: nam si potentior evadat, nec tui miserebitur.

⁶⁵ Indica Shurgaia (2012: 318) que este poeta, xeralmente coñecido como Hafez, non é en realidade o autor destes versos.

Non te compadezas do inimigo sen forza: pois, se chega a ser máis forte, tampouco de ti se compadecerá.

2.84. **ممل کسی نیای خون بیجد**

Opus proprium cujusque pedem implicat.

O traballo propio ata o pé de cada un.

COMENTARIO: **كل من عمل صالحا فلنفسه ومن اساء عليه** *Quen fai o ben, faise ben a si mesmo: quen delinque, sofre o seu delito.* Alcorán.

2.85. **هرچه کاری بن روی**

Pro labore metes.

Segundo traballes colleitarás.

COMENTARIO: Como fa-la semente, así fara-la colleita.

2.86. **سنگ بر بارو حصار مزن که بود کز حصار سنگ آید**

Noli ad castrum murum projicere lapidem; fiat enim, ut e castro mittatur (in te) lapis.

Non tires pedras contra o muro dun castro, pois poida que do castro chas tiren a ti.

COMENTARIO: Non se debe irritar a ninguén que nos poida supoñer un perigo. **سنگ مزن** propiamente significa *non báta-la pedra*. A frase persa é, **سر بر سنگ زن** *golpea-la cabeza contra a pedra*, isto é, *resistir e soportar algunha cousa*, como na canción de amor:

ز حسرت چا بوس تو سر میرزد بر سنگها *Polo desexo de bica-los teus pés, a cabeza golpea contra as pedras.* Tómasse esta frase noutro sentido totalmente distinto: posto que **سر بر سنگ مزن** *non golpée-la cabeza contra a pedra*, é o mesmo que **نروغ مکوی** *non mintas*. Así lembro que dixo estas palabras un persa moi educado nunha conversa familiar.

2.87. **توانداری بهنر است نه بمال و بزگی بعقل است نه بسال**

Divitiae in arte consistunt, non in opibus: prudentia ex intellectu, non ex annis aestimatur.

As riquezas sostéñense no bó xeito, non nos recursos: a prudencia cóntase pola intelixencia; non polos anos.

COMENTARIO: نواندري de نوانستن poder. بزري tamaño, sabedoria. بزرك grande, sabio. Así os persas, cando citan algunha sentenza xeitosa, din اند بزرگان گفته اند *dixeron os sabios*. Con este sentido adoitan usar ademais aquelas palabras خرمندان هنرمندان هوشمندان دانشمندان etc.

2.88. کودکی که بفعل پیر بون دزدن اهل خرد کبیر بون

Parvus, ingenio senem aequans, apud prudentes revera magnus est.

Un rapaz, que é listo coma un vello, é grande de verdade entre os prudentes.

2.89. کوتاه خرد مندی بیه که نان ان بلند

Parvus sapiens, altae staturae imperito praestat.

Un sabio pequeno é mellor que un ignorante de alta estatura.

COMENTARIO: Non se valora o home pola estatura e forza do corpo senón pola afouteza. É así que destaca polo entendemento aquel a quen a natureza lle negou a forza. خرد مندی *sabio, prudente*, deriva de خرد *sabedoria, prudencia*: do mesmo xeito como se forma *sabio* de عقلمندی *sabio* de عقل *intelecto*. De خرد parece vi-la palabra חרדוה que está en Daniel. Lense outras palabras neste mesmo que é opinión común que son préstamos do persa; pero que eu aínda non sentín: quizais nin sequera todas se atopan na lingua dos persas máis aló desta. Hai palabras que usaron os persas antigos pero que hoxe se ignoran. Hai outras, que os persas modernos retiveron estando derivadas das palabras antigas. Así o can nun tempo entre os persas chamábase *spacos*, como testemuña Xustino⁶⁶: agora non *spacos*, senón مسك. O sol antigamente dicíase mitra, nome que hoxe deixou de estar en uso: posto que مهر que indica o sol, moi pouca relación parece ter con aquilo. Pola contra hai outros, que veñen tendo o mesmo significado daquela coma agora. Entre estes está تیر frecha. Unha palabra que foi moi usada entre os persas como está presente en Curcio, que no libro cuarto sobre o Tigris, escribe que é chamado así pola rapidez coa que flúe: porque na lingua persa chaman ó Tigris a frecha. Así κύρος designaba o sol para os persas: agora chámase tamén خورشید, que é a contracción de خورشید. É palabra persa antiga a *parasanga* فرسنگ que hoxe tamén está en uso. Pódense engadir moitos máis nomes deste tipo.

⁶⁶ Na *Epitome das Historias Filipicas de Pompeio Trogo*, de Xustino, na edición de Marie-Pierre Arnaud Lindet, dispoñible en [https://www.hs-augsburg.de/~harsch/Chronologia/Lspost04/Iustinus/ius_e000.html] [02.12.14]., no lib. I cap. IV podemos ler: *Nutrici postea nomen Spargos fuit, quia canem Persae sic uocant.* (despois á nodriza chamárona Spargos, porque así chaman os persas o can). No aparato crítico vemos tamén a versión "spacos", que debeu ser a que Levin coñeceu.

2.90. کسی نیاید بزیر سایه بوم و ز همان از جهان شوند
معدوم

Nemo se recipit sub umbram ululae, etiamsi aquilae omnes e mundo sublatae forent.

Ninguén se recolle baixo a sombra da curuxa, aínda que se quitasen tódalas aguias do mundo.

COMENTARIO: Non hai ninguén, que se queira poñer baixo a tutela dun home malo e inepto, aínda que por iso deba carecer de todo patrocinio. A aguia é nomeada no senso de que é a máis nobre de tódalas aves. Sobre a grandeza da aguia din entre outras cousas os persas:

همای بر سر مرغان از آن شرف دارد که
استخوان خورن و جانوار نیازارن
A aguia é a máis nobre das aves porque come os ósos, e por non dana-los estúpidos⁶⁷.

2.91. ده درویش در کلیه‌ی نجسیند و دو پادشاه در
اقلیمی نکنند

*Decem pauperes sub una cubant tegete; sed duos reges ne universa quidem regio capiat*⁶⁸.

Dez pobres dormen baixo unha soa esteira; pero en toda a terra xunta non caben dous reis.

COMENTARIO: Hai cousas en *گلستان* [Golestan] que cómpre ter en conta:

دیم نان کر خورن مرن خدای بذل درویشان کند نیم
دکر ملک اقلیمی کر بکیرن پادشاه همچنان در بند
Cando un home entregado a Deus come a metade do pan, a outra metade distribúea entre os pobres. Un rei, en cambio, en canto acaba de tomar unha rexión, xa desexa outra.

2.92. ظرافت بسیار هنر ندیمان است و عیب حذیمان

Multae facetiae comptatoribus sunt decori, sed dedecori sapientibus.

⁶⁷ Esta tradución, literalmente, é de moi difícil interpretación. No zoroastrismo -relixión da Persia antiga e dos actuais parsis- o corpo dos falecidos considérase un elemento impuro. Convén, por tanto, que non contamine os elementos puros da terra e da auga. Neste sentido é posible entender como un beneficio que a aguia "coma os ósos", xa que axuda á eliminación dos corpos, que son deixados nas denominadas "torres do silencio" para seren devorados principalmente polas aves. En canto ó segundo, *et brutis non noceant*, quizais sería máis axeitado entender que se refire ó gando.

⁶⁸ Léase *capit*.

Moitas bromas son axeitadas entre os que beben nunha xuntanza, pero son inapropiadas entre os sabios.

COMENTARIO: Tanta diferenza hai entre as persoas que o que para un ten sentido de lo para outro pode telo de defecto.

2.93. تو بهر سر قدر خویش باش وقار بازی و ظرافت
بجوانان بگذار

Dignitatis tuae rationem habeto, lusus & facetias iuvenibus relinque.

Ten en conta a túa dignidade, os xogos e bromas déixallelos ós rapaces.

2.94. ساقی اگر غلط کند خون نوشدن

Cum pocillator errorem committit, ipse bibere tenetur.

Cando o copeiro comete erro, está obrigado a beber.

COMENTARIO: É unha expresión moi común que usan os persas nos banquetes.

2.95. کسی گرسنه خفت کسی ندانستی که کیستی بنی
جان بلین آمد که برو کسی نگرستی

Saepe famelicus aliquis dormit, qui quis sit, ignoratur: saepe aliquis moritur (anima ad labia venit) qui a nemine defletur.

A miúdo hai algún famento durmindo que ninguén sabe quen é: a miúdo morre alguén (a alma sóbelle ós beizos) e ninguén o chora.

COMENTARIO: *کیستی* por *که استی* *quen é*: como *نیستی* por *نه استی* *non é*. *چیستی* por *چه استی* *qué é*. Á vez esta partícula *که* simplemente perde a letra *ه*. Como ocorre en *که اندر*, que por enteiro escíbese *که اندر* *o que* [como pron. rel.] ou *porque dentro de*. Así *که آن* dise por *که آن* *o que* ou *porque el*. *که او* por *که او* *porque este mesmo*. Ó *که* onde se lle engade *که* *que vale por* *که او* *porque el dende*, etc.

2.96. هر که مبلطان مرید او باشد کره بن کنن نکو
باشد

Is, qui principis experitur benevolentiam, quicquid mali perpetrat, in bonam partem accipitur.

O que goza da bondade dun xefe, calquera cousa que faga mal, tómall a ben.

2.97. طبل بلند باندک در باطن هیچ

Tympanum magnum edit clangorem, sed intus vacuum est.

O tambor fai moito barullo pero está baleiro por dentro⁶⁹.

COMENTARIO: Dise dos que pregoan coa boca chea as súas loanzas vas. Con máis xeito dixo un espartano⁷⁰ dun reiseñor: φωνά τυ τις εισι, και οὐδὲν ἄλλο. *Ti es unha voz e máis nada.*

2.98. در این عالم کسی بیغم نباشد اگر باشد بنی آدم باشد

Nemo est in hoc mundo qui aerumnis vacet: si vacet, inter filios hominum numerandus non est.

Non hai ninguén neste mundo que non teña os seus sufrimentos; se non os ten, non se debe contar entre os fillos dos homes.

2.99. هر کرا کفر نیست ایمان نیست

Ubi infideles non sunt, nec verba ibi fides est.

Onde non hai infieis tampouco hai fe verdadeira.

2.100. هر چه د لب خواستی نه آن میشوند آنچه خدا خواست همان میشوند

Non quod vult cor tuum fiet, illud fiet quod Deus vult.

Non ha se-lo que queira o teu corazón, será o que Deus queira.

3.1. Bibliografía primaria

ARISTÓTELES (384-322 a. C.): *Ética a Nicómaco* [Ἠθικὰ Νικομάχεια] en BYWATER, J. (ed.) (1894): *Aristotle's Ethica Nicomachea*. Oxford: Clarendon Press. [<http://www.perseus.tufts.edu/hopper/text?doc=Perseus%3Atext%3A1999.01.0053>] [02.12.14].

ERPENIUS, Th. (Trad.) (1625): *Historia Sarracénica*. Lugduni Batavorum: apud Iohannem Maire, & Elzevirios. [<http://books.google.es/books?id=omtJAAAAcAAJ&printsec=frontcover&dq=erpenius+Historia+saracénica>] [02.12.14].

PLUTARCO, Lucio Mestrio (s. I-II d. C.): *Sentezas laconias* [Ἀποφθέγματα Λακωνικά] en WYTTEBACH, D. (ed.) (1799): *Plutarchi Chaeronensis Moralia* [Πλουτάρχου

⁶⁹ Quizais non sexa casual a similitude con I Cor. 13,1: Si linguis hominum loquar, et angelorum, charitatem autem non habeam, factus sum velut aes sonans, aut cymbalum tinniens. // Por moito que eu falase as linguas todas dos homes e as dos anxos e non tiver amor, non sería máis que un bronce que resoa ou un pandeiro que repenica.

⁷⁰ A versión completa di así: “14. Τίλας τις ἀηδόνα, και βραχεϊαν πάνυ σάρκα εὐρὼν, εἶπε, Φωνά τυ τις εισι, και οὐδὲν ἄλλο. XIV. Laco cum plumis lusciniam nudasset, ac parum admodum carnis reperiret, dixit: Vox tu es, et nihil praeterea. (Plutarco: 415)” En galego traduciríamos: “Un espartano espui de de plumas un roiseñor. Ó non topar máis que un pouco de carne dixo: Ti es voz, e nada máis.”

τοῦ Χαίρωνέως τὰ ἠθικά]. t. I, parte II; 312-432. [<http://books.google.es/books?id=SrhTAAAACAAJ&pg>] [02.12.14].

WARNER, L. (1644): *Proverbiorum et Sententiarum Persicarum centuria, collecta & versione notisque adornata a Levin Warnero*. Lugduni Batavorum: Ex Officina Ioannis Maire. [http://gallica.bnf.fr/ark:/12148/bpt6k6245103x/f5_image.r] [02.12.14].

3.2. Bibliografía secundaria

ADKINS, Andrew P. (2012): *Tending the Sacred Fire: The Adaptation of Zoroastrianism to North America*. Tese electrónica. University of Cincinnati, 2012. [https://etd.ohiolink.edu/rws_etd/document/get/ucin1331050693/inline]. [27.10.2014].

ALONSO FONTELA, C. (2009): “Prólogo arameo y notas hebreas de Alfonso de Zamora para una copia manuscrita del Targum de los Profetas encargada por la Universidad de Salamanca” en *Sefarad* vol. 69: 2, 2009; 382-396. [<http://sefarad.revistas.csic.es/index.php/sefarad/article/view/600/699>] [27.10.2014].

BERTI, S. (2005): “Erudition and Religion in the Judeo-Christian Encounter: The Significance of the Karaite Myth in Seventeenth-Century Europe” en *Hebraic Political Studies* v. 1 n°1, 2005; 110-120.

CASCAJERO, J. (1999): “A la sombra del asno. Asnos, burros y jumentos en la Paremiología antigua” en *Paremia* 8, 1999; 113-118.

FABRICIUS, J.A. (1708): *Bibliothecae Graecae Liber IV*. Hamburgi: Sumptu Christiani Liebezeit. [http://books.google.es/books?id=Xrg_vXIWEEIC&dq] [27.10.2014].

(1719): *Codex Apocryphi Novi Testamenti, pars tertia*. Hamburgi: Sumptu viduae Benjamin Schilleri & Joh. Christoph. Kisneri. [<http://books.google.es/books?id=rRFcAAAAQAAJ&dq>] [27.10.2014].

FERRO RUIBAL, X. e VARELA MARTÍNEZ, Xac. (2012): “Fraseoloxía e paremioloxía galega nos escritos do P. Martín Sarmiento (1695-1772)” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, 2012; 99-16. [<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg14.pdf>] [27.10.2014].

FORCELLINI, E. (1965⁴): *Lexicon totius latinitatis*. Bononiae: Arnaldus Forni. [http://documentacatholicaomnia.eu/25_90_1688-1768-_Forcellini_Aeg.html] [27.10.2014].

GOGAZEH, Z. M., e AL-AFIF, A. H. (2007): “Los proverbios árabes extraídos del Corán: recopilación, traducción y estudio” en *Paremia* 16, 2007; 129-138.

JONES, Jer. (1798): *A new and full Method of settling the Canonical Authority of the New Testament to which is subjoined a Vindication of the former Part of St. Matthew's Gospel, from Mr. Whiston's Charge of Dislocations*. Oxford: Clarendon Press. [<http://books.google.es/books?id=dIUNAAAAQAAJ&dq>] [27.10.2014].

KARAGIORGOS, P. (1999): *Greek and english proverbs* [<http://www.translatum.gr/etexts/pk/introen.htm>] [27.10.2014].

LOUGHLIN, J. (1907): “Arminianism” en *The Catholic Encyclopedia*. New York: Robert Appleton Company. [<http://www.newadvent.org/cathen/01740c.htm>] [27.10.2014].

- MACHADO, J.P. (1995⁷): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- MARTÍNEZ KLEISER, L. (1952): *Refranero General Ideológico Español*. Madrid: Hernando.
- MONFERRER SALA, J.P. (1999): "Ocho logia y cinco *agrapha* de Jesús en árabe" en *Paremia* 8, 1999; 345-350.
- NEUDECKER, H. (2005): "From Istanbul to London? Albertus Bobovius Appeal to Isaak Basire" en Hamilton, A. Boogert, M. Van den & Westerweel, B. (Eds.): *The Republic of letters and the Levant*. Intersections, Yearbook for early modern studies, 5. Leiden/Boston: Brill; 173-196.
- NICOLLE, D. (2004⁹): *The Age of Tamerlan*. Oxford: Osprey Publishing. [http://books.google.es/books?id=s_F3AZ46fqMC&pg] [27.10.2014].
- OULD MOHAMED BABA, A-S. (2003): "Los proverbios y expresiones contenidas en la obra *Al-Bayān wa-t-tabyīn* de Al-Ġāhiz (776-869)" en *Paremia* 12, 2003; 137-150.
- PIIRAINEN, E. (2011): "Ditos espallados por Europa e máis alá dela: O substrato máis antigo do 'Lexicon of Common Figurative Units'" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 13, 2011; 227-246. [<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg13.pdf>] [27.10.2014].
- (2012): *Widespread Idioms in Europe and Beyond: Toward a Lexicon of Common Figurative Units*. Series International Folkloristics, 5, New York: Peter Lang.
- SARMIENTO, Fr. Martín (1762-1772): *Obra de 660 Pliegos de el Reverendissimo Padre Maestro Fray Martín Sarmiento, Benedictino que trata de Historia Natural y de todo genero de Erudicion, con motivo de un papel que parece se havia publicado por los Abogados de la Coruña contra los Foros, y Tierras, que poseen en Galicia los Benedictinos: Y lo escribió en Madrid por los años de 1762. y siguientes. Sacada esta Copia de su Original, para el Uso de el Excelentissimo Señor Duque de Medina-Sidonia. En Madrid, Año de 1772*. [Numeración de párrafos do propio P.Sarmiento]. Existe xa edición de tres dos cinco volumes SARMIENTO, Fr. M. (2008): *De historia natural y de todo género de erudición. Obra de 660 pliegos*. MONTEAGUDO, Henrique (ed.). Vol. II; III, 253; IV. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. CSIC. (resto en prensa⁷¹).
- SCHIMMELPFENNIG, A. (1876): "Crell, Johann" en *Allgemeine Deutsche Biographie*, v. 4; 586-587. [[http://de.wikisource.org/w/index.php?title=ADB :Crell,_Johann&oldid=2248123](http://de.wikisource.org/w/index.php?title=ADB:_Crell,_Johann&oldid=2248123)] [22/11/2014].
- SHURGAIA, T. (2012): "The earliest printed collection of persian proverbs" en *Proverbium* 29, 2012; 307-330. [http://www.academia.edu/5755153/The_Earliest_Printed_Collection_of_Persian_Proverbs] [27.10.2014].
- TOLAND, J. (1718): *Nazarenus*. London: J.Brown, J.Roberts e J. Brotherton. [<http://books.google.es/books?id=PQ5PAAAacAAJ&dq>] [27.10.2014].

⁷¹ Ferro Ruibal e Varela Martínez indican o seu agradecemento a Monteagudo por lles franquea-lo acceso á versión dixital inédita. Desta procede o texto citado.

- VAN DER AA, A. J. (1872): *Biographisch woordenboek der Nederlanden*. Haarlem: J.J. van Brederode. [http://www.dbnl.org/tekst/aa__001biog18_01/aa__001biog18_01_0911.php] [22/11/2014].
- VV. AA. (1626): *Censura in Confessionem sive Declarationem Sententiae eorum Qui in foederato Belgio Remonstrantes vocantur, super praecipuis articulis Christianae Religionis a S.S. Theol. Professoribus Academiae Leidenses instituta*. Lugduni Batavorum: Ex Officina Bonaventurae & Abrahami Elzevir. Acad. Typograph. [<http://books.google.es/books?hl=es&lr=&id=I9IsAAAA YAAJ&oi=fnd&pg=PP7&dq=Antonius+Thysius>] [27.10.2014].
- VV. AA. (1911)¹: "Joseph Justus Scaliger" en *Encyclopaedia Britannica*. [http://en.wikisource.org/wiki/1911_Encyclop%C3%A6dia_Britannica/Vossius,_Gerhard_Johann] [27.10.2014].
- VV. AA. (1911)²: "Gerhard Johann Vossius" en *Encyclopaedia Britannica*. [http://en.wikisource.org/wiki/1911_Encyclop%C3%A6dia_Britannica/Vossius,_Gerhard_Johann] [27.10.2014].
- VROLIJK, A. e VAN LEEUWEN, R. (2013): *Arabic Studies in the Netherlands. A Short History in Portraits, 1580-1950*. Leiden: Brill. [http://books.google.es/books?id=aYtWAgAAQBAJ&dq=Arabic+Studies+in+the+Netherlands&hl=es&source=gbs_navlinks_s] [27.10.2014].
- WARNER, L. (1642): *Dissertatio, qua de vitae termino, utrum fixus sit, an mobilis disquiritur ex Arabum & Persarum scriptis*. Amsterdam: Ex Typographia Iohannis Blaev. [http://www.europeana.eu/portal/record/03486/Bibliographic_Resource_3000093852177.html] [27.10.2014].
- (1643): *Compendium Historicum eorum quae Muhammedani de Christo et praecipuis aliquot religionis Christianae capitibus tradiderunt*. Lugduni Batavorum: Typis Ioannis Maire. [http://reader.digitale-sammlungen.de/en/fs2/object/display/bsb10219597_00010.html] [27.10.2014].
- (1645-1665): *De rebus Turcicis epistolae ineditae*. Edición de Du Rieu (1883). Leiden: Brill. [<https://archive.org/details/derebusturcicise00warn>] [02.12.14].
- WESTSTEIJN, J. (2004): "Dutch Scholars on Muslim Spain" en *Al-Masāq*, vol. 16:2, 2004; 205-215. [<http://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/0950311042000269828>] [27.10.2014].